


OTELO



NOTA PRELIMINAR

A data de composición de Otelo sitúase entre 1603 e 1604, este último é o ano da súa estrea. A primeira edición (Q) é de 1622 e no ano seguinte foi incluída na colección de obras de Shakespeare (edición Folio, F). Entre os dous textos hai variantes. A maioría dos editores modernos baséanse fundamentalmente na edición F, aínda que incorporan algunhas lecturas da Q. Este é tamén o criterio que seguí eu para a presente tradución, utilizando as edicións críticas de K. Muir (*The New Penguin Shakespeare*, Harmondsworth, 1968), G. Salgado (*New Swan Shakespeare*, Londres, 1976), N. Sanders (*The New Cambridge Shakespeare*, Cambridge, 1984) e S. Wells e G. Taylor (*The Complete Works, The Oxford Shakespeare*, Oxford, 1988).

M. P. R.

DRAMATIS PERSONAE

OTELO, o Mouro, xeneral do exército de Venecia

DESDÉMONA, a súa esposa

CASIO, tenente de Otelo

IAGO, alférez de Otelo

EMILIA, a muller de Iago

BIANCA, querida de Casio

BUFÓN, criado de Otelo

O DUX de Venecia

BRABANTIO, senador veneciano, pai de Desdémona

GRACIANO, irmán de Brabantio

LUDOVICO, parente de Brabantio

RODRIGO, veneciano namorado de Desdémona

MONTANO, gobernador de Chipre

SENADORES de Venecia

HERALDO

Cabaleiros de Chipre, mariñeiros, mensaxeiro, músicos, gardas,
soldados e criados

ACTO I

ESCENA I

Entran Rodrigo e Iago.

RODRIGO

¡Cala! Déixame de contos. Dóeme moito
que ti, Iago, que dispós da miña bolsa
como se fose túa, soubeses o asunto.

IAGO

¡Sangue de Cristo! ¡Pero se non me escoitas!
Detéstame se algunha vez imaxinei
tal cousa.

RODRIGO

Dixéchesme que o odiabas.

IAGO

Desprézame se non. Tres grandes da cidade,
gorra en man, pidenlle que me faga o seu tenente;
xuro que sei o que vallo:
non merezo rango menor.
Mais el, do seu orgullo e ambición namorado,
esquívaos con ampulosas reviravoltas
inzadas de termos marciais
e, en conclusión, rexeita
os meus mediadores. “O certo, dilles,
é que xa escollín oficial”.
¿E quen é?
Un gran matemático, abofé,
un tal Miguel Casio, un florentino,

un tipo condenado a muller fermosa,
que nunca puxo escuadra en campo
nin sabe máis de estratexia de batalla
ca unha fiandeira... agás na teoría libresca,
onde calquera cónsul togado pode opinar
tan ben coma el. Cháchara sen práctica
é toda a súa ciencia militar. Pero el é o elixido
e eu, de quen os seus propios ollos viron a proba
en Rodas, Chipre e outras terras
cristiás e pagás, quedo ao pairo e sotavento
do debe e do haber. E este contable
é agora o seu tenente. E eu,
¡vállame Deus!, alférez da súa señoría moura.

RODRIGO

¡Ceos! Preferiría ser o seu verdugo.

IAGO

¡Que se lle vai facer! Cousas do oficio:
ascéndese por recomendación e favoritismo
e non pola antiga escala, na que o segundo
sucede ao primeiro. Xulga ti mesmo
se teño algunha obriga ou motivo
para amar ao Mouro.

RODRIGO

Eu non o serviría.

IAGO

Non te preocupes.
Sírvoos para aproveitarme del.
Non todos podemos ser amos
nin todos os amos estar ben servidos.
Verás máis dun parvo, cumpridor e reverente
que, compracido co seu propio servilismo,
consume a vida, coma o asno do seu amo,
só pola forraxe; e de vello, despedido.
¡Azoutade eses parvos honrados! Outros hai
que, revestidos coa aparencia do deber,

por dentro só pensan en si mesmos
e, finxindo servizo aos señores,
aprovéitanse eles e, fornecido o niño,
a si mesmos reverencian. Estes teñen espírito,
e eu considérome un deles.
Pois tan certo como que ti es Rodrigo,
se eu fose o Mouro non habería lago.
Servíndoo a el, sírvome a min mesmo.
O ceo sabe que non me moven o amor nin a lealdade,
senón que finxo polo meu propio interese.
Cando os meus actos mostren
a verdadeira natureza do meu corazón
de maneira ostensible, ao pouco tempo
hei levar o corazón na man
para que petisquen os parrulos.
Eu non son quen son.

RODRIGO

¡Madía leva o Fociños,
se sae coa súa!

IAGO

Chama ao pai
e esperta a Otelo, acósao, envelénalle
o pracer, denunciao nas rúas,
encirra os parentes dela
e, se vive no paraíso, inféstao
de moscas; se a súa ledicia é leda,
lánzalle tantas aldraxes
que quede murcha.

RODRIGO

Esta é a casa do pai. Vou chamar a berros.

IAGO

Faino con berros de medo e espanto,
como cando de súpeto na noite
se declara un incendio en cidade populosa

RODRIGO

¡Ei, Brabantio! ¡Signor Brabantio, ei!

IAGO

¡Espertade! ¡Ei, Brabantio! ¡Ladróns, ladróns!
¡Coidade da vosa casa, da vosa filla, das arcas!
¡Ladróns, ladróns!

Aparece Brabantio arriba, nunha fiestra.

BRABANTIO

¿A que vén este espantoso barullo?
¿Que ocorre?

RODRIGO

Señor, ¿está toda a familia na casa?

IAGO

¿Están pechadas as portas?

BRABANTIO

¿A que vén esa pregunta?

IAGO

¡Polos cravos de Cristo! ¡Que vos rouban! ¡Vestídevos!
¡Féndenvos o corazón, lévanvos a metade da alma!
Neste intre, neste mesmo intre, un carneiro negro e vello
está a foder a vosa ovella branca. ¡Veña, veña!
Espertade con campás os cidadáns que roncan
ou o diaño vos fará avó, señor.
¡Veña, veña!

BRABANTIO

¿Seica estades tolos?

RODRIGO

Honorable señor, ¿coñeces a miña voz?

BRABANTIO

Non. ¿Quen sodes?

RODRIGO

Son Rodrigo.

BRABANTIO

¡Renegado sexas! Prohibinche
roldar a miña porta.

Díxenche ben ás claras que a miña filla
non é para ti. E agora, desenfreado, ateigado
de comida e de excitante bebida, con ruín maldade,
vés turbar o meu sosego.

RODRIGO

Señor, señor, señor...

BRABANTIO

Podes estar seguro
de que a miña vontade e posición poden
facer que lamentos isto.

RODRIGO

Acougade, señor.

BRABANTIO

¿Que me contas de roubos? Isto é Venecia;
non vivo nunha quinta.

RODRIGO

Moi honorable Brabantio, veño
a vós con sinxeleza e sinceridade.

IAGO

¡Cristo bendito! Sodes dos que non servirían a Deus se o
mandase o demo. Vimos facervos un favor e tratádesnos como
a canallas; deixades que un cabalo berberisco cubra a vosa filla;
teredes netos que vos rincharán e teredes corceis e facos por
achegados e parentes.

BRABANTIO

¿Quen es ti, maldito desvergoñado?

IAGO

Un que vos vén dicir que a vosa filla e o Mouro están a
facer a besta de dúas costas.

BRABANTIO

Es un canalla.

IAGO

E vós sodes un... senador.

BRABANTIO

Responderás disto, Rodrigo.

RODRIGO

E de calquera outra cousa, señor. Pero dicídemese é o voso desexo e sabio consentimento, como parece ser, que a vosa fermosa filla, a esta hora intempestiva e somnolenta da noite, sexa levada, sen outra custodia ca un criado de aluguer, un gondoleiro, aos abrazos groseiros dun mouro lascivo... Se sabedes isto e o autorizades, entón fomos insolentes e desvergoñados. Mais se non o sabedes, a moral dime que nos reprendestes inxustamente. Non pensedes que, alleo a toda cortesía, vin burlarme e xogar coa vosa respectabilidade. A vosa filla, se non lle destes permiso, repito, revírase a vós entregando obediencia, beleza, razón e fortuna a un estranxeiro vadío, de ningures. Comprobádeo vós mesmo; se está no seu cuarto ou na casa, caía sobre min o peso da xustiza por enganarvos.

BRABANTIO

¡Prendede o lume! Traédeme unha candeia. Espertade a toda a casa. Esta desgraza concorda cun soño que tiven. Só pensalo xa me angustia. ¡Luces, ei, luces!

Sae.

IAGO

Adeus, déixote. Non é axeitado nin convén ao meu posto ser chamado a declarar contra o Mouro, como ocorrerá se fico. Ben sei que o estado, aínda que quizais o irrite cunha reprimenda,

non pode sen risco desbotalo: encomendáronlle, con toda razón, a guerra de Chipre, xa en curso, pois, para salvar as súas vidas, outro máis capacitado non teñen para dirixir a empresa. Xa que logo, aínda que o odio como ás penas do inferno, as necesidades do presente obríganme a mostrar a insignia e a bandeira do afecto, que en realidade só é aparencia. Se queres atopalo, dirixe a cacería ao *Saxitario*, que alí estarei con el. Adeus.

*Sae.**Entran Brabantio e criados con fachos.*

BRABANTIO

A desgraza é certa. Non está, e o desprezable tempo que me resta non será senón amargura. Ei, Rodrigo, ¿onde a viches? — ¡Oh, desventurada! ¿Co Mouro, dis? — ¡Ser pai para isto! ¿Como sabes que era ela? — ¡Ben que me enganou! ¿Que che dixo? — ¡Máis fachos! Espertade a todos os meus parentes — ¿Cres que casaron?

RODRIGO

Penso que si.

BRABANTIO

¡Santo ceo! ¿Como saíu? ¡Sangue traidor! Pais, desde agora non vos fiedes do corazón das vosas fillas polas aparencias. ¿Non hai feitizos que poden corromper xuventude e virxindade? ¿Tes lido algo destas cousas, Rodrigo?

RODRIGO

Teño, si, señor.

BRABANTIO

¡Chamade a meu irmán! —¡Oxalá fose túa!—
Uns por un lado, outros por outro.— ¿Sabes
onde podemos collela co Mouro?

RODRIGO

Creo que a el podo atopalo, se xuntades
unha boa escolta e me seguides.

BRABANTIO

Lévanos. Chamarei en todas as casas.
Podo conseguir axuda na maioría.— ¡Armas!
Chamade aos gardas nocturnos.—
Irmán, bo Rodrigo. Recompensarei as túas molestias.

Saen.

ESCENA 2

Entran Otelo, Iago e criados con fachos.

IAGO

Aínda que teño matado homes na guerra,
por escrúpulos de conciencia non podo
matar con premeditación. Carezo da maldade
que ás veces me viría ben. Nove ou dez veces
estiven tentado de espetarlllo aquí, baixo as costelas.

OTELO

Mellor que non.

IAGO

Si, pero baduaba e profería tales aldraxes
e provocacións contra a vosa honra
que, coa pouca bondade que teño,
custábame traballo aturalo. Pero dicídeme, señor:
¿Estades xa casado? Tede por certo
que o senador é moi estimado
e a forza do seu voto iguala

a do Dux. Desfará o casamento
ou imporavos trabas e penalidades
con toda a liberdade de manobra que a lei,
a quen tanto poder ten, lle dea.

OTELO

Que se anoxe todo o que queira.
Os servizos que lle prestei á Señoría de Venecia
acalarán as súas protestas. Ninguén sabe,
e proclamareino cando saiba que a xactancia é un honor,
que veño de rexía caste e que os meus méritos
son parellos á altiva fortuna
que acadei. Dígoche, Iago,
que se non amase á xentil Desdémona,
nin por todos os tesouros do mar
poría eu límites e restricións
á miña condición errante e ceibe.
Mira, ¿que luces son esas?

IAGO

É o pai ergueito cos seus homes.
Mellor será que entredes.

OTELO

Non. Que me atopen.
Os meus méritos, rango e conciencia limpa
falarán por min. ¿Son eles?

IAGO

Por Xuno, creo que non.

Entran Casio e gardas con fachos.

OTELO

¡Servidores do Dux e o meu tenente!
Que a noite vos sexa propicia, amigos.
¿Que novas hai?

CASIO

O Dux saúdavos, xeneral,
e require a vosa inmediata presenza
neste mesmo intre.

OTELO

¿Sabedes de que se trata?

CASIO

Algo sobre Chipre, supoño.
Un asunto urxente. Esta noite
as galeras enviaron unha ducia de mensaxeiros,
pisándose os talóns uns a outros,
e moitos cónsules están xa ergueitos e reunidos
co Dux. Convocáronvos con urxencia.
Como non vos atoparon no voso aloxamento,
o senado enviou tres partidas
na vosa busca.

OTELO

Mellor que me atopásedes vós.
Falo unha palabra aquí na casa
e vou con vós.

Sae.

CASIO

Alférez, ¿que fai aquí?

IAGO

Abofé, esta noite abordou unha nave varada.
Se a presa é legal, fixo fortuna.

CASIO

Non entendo.

IAGO

Casou.

CASIO

¿Con quen?

Entra Otelu.

IAGO

Rediola, con...— ¿Imos, capitán?

OTELO

Imos.

CASIO

Velaí vén outra banda na vosa busca.

Entran Brabantio, Rodrigo e gardas con fachos e armas.

IAGO

É Brabantio. Coidado, xeneral.
Vén con malas intencións.

OTELO

¡Ola! ¡Alto!

RODRIGO

Señor, é o Mouro.

BRABANTIO

¡A por el! ¡Ladrón!

IAGO

¿Ti, Rodrigo? Veña, aquí me tes.

OTELO

Envaiñade as brillantes espadas, que o orballo
vainas enferruxar.—Señor, tedes máis autoridade
cos anos que coas armas.

BRABANTIO

¡Ti, maldito ladrón!, ¿onde escondes a miña filla?

¡Enmeigáchela, condenado!

Pregunto a calquera persoa sensata:

se non está encadeada pola maxia,
¿como unha doncela tan dócil, bela e feliz,
tan contraria ao matrimonio que rexeitou
os pretendentes máis ricos e garridos da nación
se exporía á mofa xeral e deixaría
a tutela paterna polo peito negrexo
dun ser coma ti, que dá medo, non deleite?
Que o mundo me xulgue se non é evidente
que lle botaches viles esconxuros,
corrompiches a súa tenra xuventude con drogas ou

venenos

que debilitan os sentidos. Farei examinar o caso.

É probable, é verosímil. Préndote

e acúsote de corruptor de persoas e oficiente

de artes prohibidas e ilícitas.—

Prendédeo. Se se resiste,
reducídeo pola forza.

OTELO

¡As mans quietas!
Os do meu bando e os demais.
Se me tocase loitar, saberíao sen necesidade
de apuntador. ¿Onde queredes
que responda ás vosas acusacións?

BRABANTIO

No cárcere, ata o momento
en que a lei e o tribunal designado
te chamen a responder.

OTELO

¿Que pasa se obedezo?
¿Como vou compracer ao Dux,
que me mandou chamar
por medio destes mensaxeiros
para un asunto urxente do estado?

GARDA

É certo, honorable señor.
O Dux reuniu o consello
e estou seguro de que vós mesmo
estades convocado.

BRABANTIO

¡Como! ¿O Dux en consello?
¿A estas horas da noite? Levádeo alá.
O meu asunto non é trivial. O Dux mesmo
ou calquera dos outros senadores
non pode sentir esta aldraxe senón como propia.
Se semellantes actos gozan de impunidade,
escravos e infieis serán os nosos gobernantes.

Saen.

ESCENA 3

*O Dux e os senadores sentados arredor dunha mesa;
fachos e servidores.*

DUX

Non hai concordancia nas noticias
para que lles dea creto.

SENADOR 1.º

En efecto, son contraditorias.
As miñas cartas falan de cento sete galeras.

DUX

As miñas, de cento corenta.

SENADOR 2.º

E a miña de duascenas. Así e todo,
aínda que non concordan nunha cifra exacta,
e nestes casos a miúdo hai diverxencias
nos cálculos, todas falan
dunha flota turca rumbo a Chipre.

DUX

Si, pensándoo ben, é moi probable.
Non me tranquilizan as diverxencias
e o punto principal preocúpame.

MARIÑEIRO

Dentro.

¡Ola, ei! ¡Ei, ola! ¡Ola, ei!

GARDA

¡Un mensaxeiro das galeras!

Entra un mariñeiro.

DUX

¿Si? ¿Que novas traes?

MARIÑEIRO

A armada turca diríxese a Rodas.
É o que me encargou dicirle ao goberno
o *signor* Angelo.

DUX

¿Que opinades deste cambio?

SENADOR 1.º

Non pode ser, non ten lóxica.
É unha estrataxema para despistarnos.
Se consideramos a importancia de Chipre
para o turco e entendemos
que lle interesa máis que Rodas,
pois pode conquistala con máis facilidade
xa que non está militarmente preparada
e carece do dispositivo de defensa
con que conta Rodas. Se reflexionamos sobre todo isto
non podemos crer que o turco sexa tan torpe
que deixe para o final o que lle interesa en primeiro lugar
e abandone unha conquista doada e rendible
para arriscarse nunha aventura perigosa e sen proveito.

DUX

Non, seguro que non van por Rodas.

GARDA

Chegan máis novas.

Entra un mensaxeiro.

MENSAXEIRO

Señorías, aos otománs
que ían rumbo á illa de Rodas
uníuselles unha flota posterior.

SENADOR 1.º

Si, o que sospeitaba. ¿Cantos cres que son?

MENSAXEIRO

Unhas trinta naves, pero agora viraron
o rumbo e diríxense abertamente
cara a Chipre. O *signor* Montano,
o voso leal e moi valente servidor,
diligentemente vos comunica isto
e prérgavos que lle deades creto.

DUX

Entón é seguro que van a Chipre.
¿Non está Marco Luccicos na cidade?

SENADOR 1.º

Está en Florencia.

DUX

Escribídelles da nosa parte;
que veña a toda présa.

SENADOR 1.º

Velaí veñen Brabantio e o valente Mouro.

Entran Brabantio, Otelo, Casio, Iago, Rodrigo e gardas.

DUX

Valente Otelo, debemos enviavos decontado
contra o inimigo xeral, o otomán.

A Brabantio.

Non vos vira. Benvido, *signor*.

Botabamos de menos o voso consello e apoio esta noite.

BRABANTIO

E eu o voso. Alteza, perdoádeme:
non me ergueron do leito nin o meu cargo
nin os negocios; nin me preocupa
o benestar xeral, pois a miña dor persoal
é de natureza tan desbordante e devastadora
que asolaga e engole calquera outra pena
e segue o mesmo.

DUX

¿Que ocorre?

BRABANTIO

¡A miña filla! ¡Ai, a miña filla!

SENADORES

¿Morta?

BRABANTIO

Para min, si. Foi seducida,
raptada e corrompida con esconxuros
e bebedizos mercados a charlatáns,

pois sen bruxería a natureza,
que non é parva, cega e insensible,
non erraría con tanto desatino.

DUX

Quenquera que sexa o que con vil procedemento
vos roubou a filla, vós mesmo
aplicarédessle a pena máxima,
segundo a vosa interpretación, si, aínda que o reo
fose o noso propio fillo.

BRABANTIO

Agradézovolo humildemente, Alteza.
Velaquí o home, este mouro, a quen
ao parecer mandastes chamar
por asuntos de estado.

TODOS

¡Lamentámolo moito!

DUX

A Otelo.

¿E vós que dicides a isto?

BRABANTIO

Nada, salvo que é certo.

OTELO

Moi poderosas, dignas e honorables Señorías,
meus nobres e estimados superiores:
é verdade que me levei a filla deste vello,
e que casei con ela é verdade tamén.
A magnitude e alcance da miña ofensa
non van máis alá. Son torpe de palabra
e pouco dotado para a suave oratoria da paz,
pois estes brazos, desde o vigor dos sete anos
ata hai nove lúas, empregaron
a súa forza nos campos de batalla;
e do vasto mundo pouco poden falar
agás de xestos de armas e combates;
polo tanto, pouco favorecería a miña causa

defendéndoa eu. Mais, coa vosa venia,
farei un relato sinxelo e sen adorno
da historia do meu amor: con que apotemas,
feitizos, conxuros e maxia portentosa
(pois de tales procedementos se me acusa)
a súa filla conquistei.

BRABANTIO

Unha doncela discreta, de espírito
tan apracible e sereno que se ruborizaba
dos seus propios impulsos; e contra natureza,
patria, idade, honra, todo,
namórase dun ser que lle daba medo.
Só un xuízo eivado e imperfecto
admitiría que a perfección poida errar
así contra todas as leis da natureza;
daquela hai que buscar a explicación
nas artes diabólicas. Polo tanto, afirmo
de novo que influíu sobre ela
con bebedizos que espertan a paixón
ou filtros enmeigados para tal fin.

DUX

Afirmar non é demostrar; presentade
probas máis sólidas e claras
que os febles argumentos e indicios
das simples aparencias.

SENADOR 1.º

Falade, Otelo. ¿Gañastes
ou corrompestes os sentimentos da doncela
por medios ilícitos ou violentos?
¿Ou foron as pregarias e tenras conversas
de corazón a corazón?

OTELO

Prégovolo, ide
ao *Saxitario* pola dama
e que fale de min perante seu pai.

Se a súa declaración me inculpa
retirádeme non só a confianza e o cargo,
condenádeme a morte tamén.

DUX

Traede a Desdémona.

OTELO

Alférez, lévaos alí. Ti coñeces mellor o lugar.

Sae Iago con dous ou tres.

Mentres non chega, coa mesma sinceridade
con que confeso ao ceo os meus pecados,
exporei aos vosos graves oídos
como gañei o amor da fermosa dama
e ela o meu.

DUX

Contádeo, Otelo.

OTELO

Seu pai queríame; invitábame a miúdo,
interrogábame sempre sobre a historia
da miña vida, ano por ano: as batallas, asedios
e avatares que pasei. Narreilla toda,
desde a nenez ata o mesmo día
en que me pediu que lla contase.
Falei de terribles adversidades,
de aventuras perigosas en mar e en terra,
de salvacións milagrosas dunha morte inminente,
da miña captura polo insolente inimigo,
da miña venda como escravo e do rescate
e historias das miñas viaxes:
tiven oportunidade de falar de vastas covas,
áridos desertos, abruptos cantís, rochas,
montañas con cumios que tocan o ceo,
e de caníbales que se comen uns a outros,
os antropófagos, e de homes que teñen
a cabeza debaixo dos ombros. Todo isto
escoitaba Desdémona con moita atención,

pero os labores da casa reclamábana
cada pouco; ela despachábaos á présa
e volvía para devorar o meu relato
con oídos ávidos. Observeino
e elixín a ocasión e atopei o xeito
de lle sacar o rogo apaixonado
de que lle contase a miña peregrinación,
da que escoitara anacos soltos
pero sen a debida concentración. Accedín
e a miúdo provoquille as bágoas
falándolle dalgunha desventura
que sufriu a miña xuventude. Rematada a historia,
recompensoume cun mar de suspiros.
Xurou que era abraiante, do máis abraiante,
e que era triste, tremendamente triste.
Desexaba non tela escoitado e asemade
desexaba ter sido un home coma min.
Deume as grazas e díxome que se tiña
un amigo que a amase, que lle ensinase
a contar a miña historia para namorala.
Ante esta suxestión falei: ela amábame
polos perigos que pasara e eu amábaa
pola compaixón que mostraba. Esta bruxería
utilicei. Velaquí a dama. Que testemuñe.

Entra Desdémona, Iago e acompañante.

DUX

Esta historia conquistaría tamén
as miñas fillas. Querido Brabantio,
considerade o lado bo do infortunio.
Mellor se defende un home
con armas rotas que coas mans núas.

BRABANTIO

Prégovos que a escoitedes. Se confesa
que consentiu o cortexo, caía
sobre a miña cabeza a maldición

se acuso a este home. Ven, xentil dama.
 ¿A quen desta nobre compañía
 consideras que debes maior obediencia?

DESDÉMONA

Meu nobre pai, considero dividido
 o meu deber. Por vida e crianza a vós
 estou obrigada. Vida e crianza ensínanme
 a respectarvos. Sodes señor da obediencia,
 pois son a vosa filla. Pero aquí está o meu esposo
 e a mesma submisión que miña nai vos mostrou,
 antepoñéndovos a seu pai, declaro
 que debo ao Mouro, meu señor.

BRABANTIO

¡Deus sexa contigo! Rematei.—
 Coa vosa venia, Alteza, aos asuntos de estado.
 Mellor adoptar fillos que concibilos.—
 Ven aquí, Mouro: de todo corazón
 che dou o que, se non o tiveses xa,
 de todo corazón che negaría.
 En canto a ti, miña xoia, alégrome
 na alma de non ter máis fillos
 pois a túa fuga ensinárame a ser tirano
 e pórilles pexas. —Rematei, señor.

DUX

Permitide que fale por vós e dea unhas máximas
 que, como banzos, axuden a estes amantes.
 Sen remedios as penas esquecemos,
 perdida a esperanza que tivemos.
 Chorar unha desgraza sen cura
 é acrecentar a desventura.
 Se o destino te golpea,
 con filosofía alardea.
 Se te ris do roubo, roubas ao ladrón,
 a ti mesmo te roubas se choras a cachón.

BRABANTIO

Aos turcos Chipre abandonemos:
 se sorrímos, nada perdemos.
 Estes consellos acolle ben
 quen outro consolo non ten.
 Mais consello e pena ten que sufrir
 quen á filosofía ten que acudir.
 Son doces e amargos consellos,
 á vez opostos e parellos.
 As palabras palabras son
 e non sandan o corazón.
 Prégovos que tratemos os asuntos do estado.

DUX

Os turcos diríxense a Chipre cunha poderosa escuadra.
 Otelo, coñeces ben a forza do lugar; e, aínda que temos alí
 un delegado de recoñecida capacidade, a opinión xeral, árbitro
 soberano das decisións, considérvos o máis seguro. Debedes,
 polo tanto, resignarvos a embozar o brillo da vosa nova fortu-
 na cunha empresa máis ruda e estrondosa.

OTELO

O tirano costume, respectables senadores,
 fixo do meu leito guerreiro de pedra e ferro
 cama de finísimo penuxe. Recoñezo ter
 un ardor innato e fervente
 nas dificultades e asumo
 esta guerra contra os otománs.
 Polo tanto, inclinándome con humildade
 ante a vosa autoridade, solicito
 para a miña esposa disposicións adecuadas
 e asignación, residencia e servidume
 acordes ao seu rango e condición.

DUX

Se vos parece ben, na casa de seu pai.

BRABANTIO

Non o consentirei.

OTELO

Nin eu.

DESDÉMONA

Tampouco eu viviría alí
para atormentar o ánimo de meu pai
coa miña presenza. Magnánimo Dux,
concedede benévola atención
á miña proposta e que o voso consentimento
apoie a miña inxenuidade.

DUX

¿Que desexades, Desdémona?

DESDÉMONA

Que amo a Oteló e quero vivir con el
ao mundo o pregoan
o meu atrevemento e desafío. Namoreime
da condición do meu señor.
Vin o rostro de Oteló no seu espírito
e aos seus honores e valentía
consagrei alma e vida.
Señoría, se quedo na ociosidade
da paz mentres el vai á guerra,
vereime privada dos ritos amorosos
e terei que sufrir un triste intervalo
pola súa cara ausencia. Deixádeme ir con el.

OTELO

Dádelle o consentimento. Xuro
polo ceo que non o demando
por satisfacer o meu apetito
nin entregarme aos praceres, pasados xa
os ardores da xuventude, e a propia satisfacción
senón por ser a súa expresa e xenerosa vontade.
E non permita o ceo que pensedes
que vou esquecer os vosos graves e serios asuntos
cando ela estea comigo. Non; se os enredos
do alado Cupido cegan coa luxuria

a miña facultade de pensamento e acción
e os praceres corrompen e embozan o meu deber,
que as mulleres fagan co meu casco unha cazola
e que todas as baixezas e ruindades
carguen contra a miña reputación.

DUX

Que quede ou que váia: decidídeo
entre vós. O asunto é urxente
e esixe présa. Partiredes esta noite

DESDÉMONA

¿Esta noite, señor?

DUX

Esta noite.

OTELO

Con toda a miña alma.

DUX

Reunirémonos outra vez ás nove da mañá.
Oteló, deixade aquí un oficial
e el levará as nosas ordes
e todo o demais esencial e relevante
que vos atinxa.

OTELO

O meu alférez, se prace a Vosa Alteza.
É home honrado e de confianza.
A custodia da miña esposa encoméndolle,
xunto co que a Vosa Alteza
xulgue necesario enviarme.

DUX

Moi ben. Boas noites a todos.

A Brabantio.

Nobre, *signor*:
se na virtude claridade apreciamos,
o voso xenro máis ca negro é branco.

SENADOR 1.º

Adeus, valente Mouro. Tratade ben a Desdémona.

BRABANTIO

Con ela, Mouro, ollo vixiante:
a seu pai enganou, pode enganarte.

Saen o Dux, Brabantio, Casio, senadores e acompañantes.

OTELO

¡A miña vida pola súa fidelidade! Honrado Iago,
debo confiarte a miña Desdémona.

Prégoche que a túa muller a acompañe
e que as levas na mellor ocasión.

Ven Desdémona, temos só unha hora
para o amor, os preparativos e as instrucións.
O tempo dispón por nós.

Saen Otelo e Desdémona.

RODRIGO

¡Iago!

IAGO

¿Que queres ti, nobre corazón?

RODRIGO

¿Que cres que vou facer?

IAGO

Deitarte e durmir.

RODRIGO

Agora mesmo vou afogarme.

IAGO

Se o fas, deixarei de apreciarte. ¿E por que, estúpido caba-
leiro?

RODRIGO

É unha estupidez vivir se a vida é un tormento; e temos a
prescrición de morrer.

IAGO

¡Desgraciado! Hai catro veces sete anos que vexo o mundo
e desde que souben distinguir entre beneficio e dano non coñe-
cín ningún home que soubese estimarse. Converteríame en
mono antes que pensar en afogarme por unha rameira.

RODRIGO

¿E que podo facer? Confeso que me dá vergonza estar tan
namorado, pero carezo de virtude para remedialo.

IAGO

¿Virtude? ¡Unha figa! De nós mesmos depende ser dunha
maneira ou doutra. O noso corpo é un xardín e a vontade é a
xardineira. Se plantamos ortigas ou sementamos leituga, se poñe-
mos hisopo ou arrincamos tomiño, se o dedicamos só a unha
clase de herba ou o diversificamos con moitas, se o deixamos
ermo por nugalla ou o cultivamos con empeño, o poder e a auto-
ridade correctora reside na nosa vontade. Se a balanza da vida non
tivese o contrapeso da razón para contrarrestar o da sensualidade,
o sangue e os baixos instintos levaríannos a extremos inaccepta-
bles. Pero estamos dotados de razón para temperar os impulsos
violentos, as aguilloadas da carne ou a luxuria sen freo. Do que
deduzo que o que ti chamas amor é un rebento ou gromo.

RODRIGO

Non tal.

IAGO

É simplemente ardencia do sangue e nugalla da vontade.
¡Veña, se home! ¿Afogarte? Afoga gatos e cadelos cegos. Fixenche
votos de amizade e declárome ligado aos teus merecementos con
córdas de duradeira resistencia. Nunca como agora podería
serche de máis utilidade. Mete diñeiro na túa bolsa. Ven á guerra.
Disimula a túa face cunha barba postiza. Repito, mete diñeiro
na bolsa. Desdémona non seguirá moito tempo namorada do
Mouro, ti mete diñeiro na bolsa, nin el dela. Tiveron un comezo
tempestuoso e verás unha separación semellante, ti mete diñeiro
na bolsa. Estes mouros son moi volubles, ti enche de cartos a
bolsa. O manxar que agora lle resulta delicioso e doce axiña lle
saberá amargo coma o áloe. Ela quere outro home máis novo.
Cando se farte do seu corpo comprenderá o seu erro. Conque
mete diñeiro na túa bolsa. E se queres condenarte, faino dunha
maneira máis pracenteira que afogándote. Xunta todo o diñei-
ro que poidas. Se a santidade dun fráxil xuramento entre un

bárbaro errante e unha veneciana súper-exquisita non pode máis ca o meu enxeño e toda a tribo do inferno, ti has gozala. Xa que logo, busca cartos. ¡E de afogarte, unha merda! ¡Nin pensalo! Mellor aforcado por gozala que afogado sen probala.

RODRIGO

¿Apoiarás as miñas esperanzas se me entrego a ese obxectivo?

IAGO

Conta comigo. Ti xunta cartos. Xa che teño dito, e repeti-reicho unha e outra vez, que odio ao Mouro. As miñas razóns son moi fondas, e ti non tes menos motivo. Unámonos na vinganza. Se lle pos os cornos, para ti será o pracer e para min a diversión. O ventre do tempo está preñado de acontecementos que han ver a luz. ¡En marcha! ¡Veña, procúrate cartos! Mañá seguiremos falando. Adeus.

RODRIGO

¿Onde nos vemos mañá?

IAGO

No meu aloxamento.

RODRIGO

Irei cedo.

IAGO

Veña, adeus. ¡Ei, Rodrigo!

RODRIGO

¿Que queres?

IAGO

Nada de afogarte, ¿oes?

RODRIGO

Convencíchesme.

IAGO

Vaite, adeus. Mete bastante diñeiro na bolsa.

RODRIGO

Venderei as miñas terras.

Sae.

IAGO

Así fago sempre do meu bufón a miña bolsa.

Pois profanaría a miña experiencia pasando o tempo con semellante torda se non fose por diversión e proveito. Odio ao Mouro. Din que entre as miñas sabas fixo o meu oficio. Non sei se é verdade mais eu, por unha mera sospeita desta índole, obrarei coma se fose certo. El estímame: mellor funcionará o meu plan. Casio é garrido. Vexamos: quitarlle o posto e coroar a miña vontade con dobre canallada. ¿Como? Vexamos. Despois dun tempo, infestar os oídos de Otelo con que Casio intima demasiado coa súa esposa. Ten presenza e modais para levantar sospeitas; apostura para seducir mulleres. O Mouro é de natureza nobre e franca: cre que é honrado quen o parece e deixarase levar mansamente polo fociño coma un burro. ¡Xa o teño! ¡Concibido! A noite e o inferno traerán ao mundo este enxendro.

Sae.

ACTO II

ESCENA I

Entran Montano, gobernador de Chipre, e dous cabaleiros.

MONTANO

¿Que se albisca no mar desde o cabo?

CABALEIRO 1.º

Nada. Hai moito mar.
Non distingo unha vela
entre océano e ceo.

MONTANO

Venteou moito en terra.
Nunca vendaval máis forte golpeou os nosos bastións.
Se está tan bravo mar a fóra,
¿que cadernas de carballo soportarán o embate
das xigantescas ondas? ¿Que novas nos deparará?

CABALEIRO 2.º

A dispersión da escuadra turca.
Mirade a escumosa beira:
o irritado mar parece azoutar as nubes;
a axitada marea, de encrespadas guedellas,
parece querer asolagar a ardente Osa
e apagar as gardas da Estrela Polar.
Xamais vin violencia semellante
nunha borrasca.

MONTANO

Se a escuadra turca
non está protexida e abeirada, afundirase.
É imposible que resista.

Entra outro cabaleiro.

CABALEIRO 3.º

¡Novas, amigos! Rematou a guerra.
A fera tempestade golpeou de cheo
aos turcos e abortou o seu plan. Un nobre navío
de Venecia viu o terrible naufraxio e desfeita
da meirande parte da súa flota.

MONTANO

¿Que? ¿É verdade?

CABALEIRO 3.º

A nave, unha veronesa, xa atracou.
Miguel Casio, tenente do aguerrido Mouro Otelo,
baixou a terra. O Mouro aínda está no mar
e vén a Chipre con plenos poderes.

MONTANO

Alégrome. É un valioso gobernador.

CABALEIRO 3.º

Pero Casio, aínda que expresa alivio
pola perda dos turcos, está preocupado
e reza para que o Mouro estea a salvo,
pois separounos a violenta tempestade.

MONTANO

Queira o ceo que si. Servín con el,
e o home manda coma un verdadeiro soldado.
Vaiamos á praia. Tanto para ver o navío
atracado como para espreitar a arribada
do bravo Otelo ata que confundamos
mar e ceo.

CABALEIRO 3.º

Veña, vamos; pois a cada minuto
agárdanse novas chegadas.

Entra Casio.

CASIO

Grazas, homes valentes desta aguerrida illa
por honrar así ao Mouro.
Que os ceos o axuden contra os elementos,
pois perdino nun mar perigoso.

MONTANO

¿Conta cunha boa nave?

CASIO

Un navío solidamente construído
e un piloto hábil e de gran reputación;
de modo que as miñas esperanzas, sen exceso,
se manteñen incólumes.

VOCES

Dentro.

¡Un barco, un barco, un barco!

Entra outro cabaleiro.

CASIO

¿Que voces son esas?

CABALEIRO 4.º

A cidade está deserta; na beiramar
ringleiras de xente berran: "¡Un barco, un barco!"

CASIO

Quero crer que é o gobernador.

Un canonazo.

CABALEIRO 2.º

Disparan un salva de benvida.
Amigos, polo menos.

CASIO

Prégovos, señor, que vaiades
e indaguedes quen chegou.

CABALEIRO 2.º

Vou.

Sae.

MONTANO

Dicídeme, tenente, ¿casou o xeneral?

CASIO

Moi felizmente: conquistou unha doncela que iguala descrición e fama desorbitada e a súa beleza esgota o enxeño creador.

Entra o Cabaleiro 2.º

¿Que hai? ¿Quen chegou?

CABALEIRO 2.º

Un tal Iago, alférez do xeneral.

CASIO

Tivo unha propicia e rápida travesía. As tempestades, a ondada, os furacáns, as rocas fendidas e os bancos de area, traidores agochados para sorprenden a inocente quilla, como se percibisen a beleza, reprimen a súa mortífera natureza e deixan pasar san e salva á divina Desdémona.

MONTANO

¿Quen é ela?

CASIO

Da que falaba, a capitá do noso gran capitán, encomendada ao destemido Iago; chega sete días antes do que pensabamos. Gran Xúpiter, protexe a Otelo, enche as súas velas co teu poderoso alento. Que bendiga esta baía coa súa garrida nave, bafexe de amor nos brazos de Desdémona e traia conforto a toda Chipre.

Entran Desdémona, Iago, Emilia e Rodrigo.

¡Mirade, o tesouro da nave xa está en terra!
¡Homes de Chipre, axeonlládevos!
¡Salve, señora! ¡Que a graza do ceo vos circunde e envolva!

DESDÉMONA

Grazas, valente Casio.

¿Que novas tedes do meu señor?

CASIO

Aínda non chegou, e só sei que se atopa ben e que axiña estará aquí.

DESDÉMONA

Pero teño medo de que... ¿Como vos separastes?

CASIO

A gran loita entre mar e ceo afastounos.

VOCES

Dentro.

¡Unha vela, unha vela!

CASIO

Escoitade. ¡Unha vela!

Un canonazo.

CABALEIRO 2.º

Sáúdan á cidadela.

Este tamén é amigo.

CASIO

Ide informarvos.

Sae o Cabaleiro.

Benvido, alférez. (A Emilia.) Benvida, señora.

Non te anoxe, amigo Iago, a liberalidade dos meus modais: a miña crianza ensinoume estas mostras de cortesía.

Bica a Emilia.

IAGO

Señor, se vos desen os seus beizos tanto como a min me obsequia a súa lingua, quedariades farto.

DESDÉMONA

Pero se non fala.

IAGO

Demasiado, abofé.
Decátome cando quero durmir.
Recoñezo que na vosa presenza
contén a súa lingua
e critica só co pensamento.

EMILIA

Pouco motivo tes de queixa.

IAGO

Veña, veña. Sodes efixies na rúa,
castañolas no salón, gatas na cociña,
santas cando ferides e demos se vos ofenden,
nugallás nas faenas e afanosas na cama.

DESDÉMONA

¡Avergónzate, calumniador!

IAGO

Non tal; eu son turco se non é verdade.
Erguidas xogades e deitadas traballades.

EMILIA

Non escribirás a miña loa.

IAGO

Mellor non.

DESDÉMONA

¿Que escribirías de min para gabarme?

IAGO

Non me obriguedes, xentil señora;
o meu é a crítica.

DESDÉMONA

Veña, inténtao.— ¿Alguén foi ao pórtio?

IAGO

Si, señora.

DESDÉMONA

Á parte.

Leda non estou, pero disimulo
o meu estado aparentando o contrario.—
Veña, ¿como me gabarías?

IAGO

Niso estou;
pero a miña creación sae da miña testa
como a substancia pegañenta se despega da la:
arrincando os miolos e todo o demais.
Pero a miña musa esfórzase e isto pare:
“Se a muller é loura e asisada
beleza e enxeño usar saberá”.

DESDÉMONA

¡Vaia loanza! ¿E se é morena e lista?

IAGO

“Se morena e sensata,
co branco acertará”.

DESDÉMONA

¡De mal en peor!

EMILIA

¿E se é fermosa e parva?

IAGO

“Nunca houbo parva fermosa
que non lograrse ser esposa”.

DESDÉMONA

Eses son paradoxos triviais para facer rir aos necios na
taberna. ¿Que pérfido eloxio gardas para a fea e parva?

IAGO

“Non hai fea tan parva que non saiba
as artimañas da fermosa e sabia”.

DESDÉMONA

¡Crasa ignorancia! Á peor gabas mellor. Pero, ¿con que
loanza obsequiarías á muller que realmente o merecese, a unha
de tales merecementos que incluso a mesma maldade tería que
recoñecelos?

IAGO

“A que sempre foi bela e nunca orgullosa,
de lingua libre, mais nunca ruidosa;
que, sendo rica, non ía fachendosa

nin facía o seu antollo sendo poderosa;
que, irritada e de vinganza doada,
contivo a súa ira e quedou calmada;
a que, sabía ela, non caeu na tentación
de cambiar pixota por cola de salmón;
a que nunca os pensamentos revelou
nin aos seus tenaces pretendentes mirou;
esa era capaz, se houbo tal persoa...

DESDÉMONA

¿De que?

IAGO

... de aleitar idiotas e levar as contas”.

DESDÉMONA

¡Que torpe e frouxa conclusión! Non sigas o seu exemplo,
Emilia, aínda que sexa o teu marido. ¿Que dices vós, Casio?
¿Non é un conselleiro groseiro e licencioso?

CASIO

Sempre fala claro, señora. Apreciarédolo máis como soldado
que como home de letras.

IAGO

Á parte.

Cóllelle a man. Si, ben feito; murmúralle. Con esta pequena
arañeira pillarei unha mosca tan grande como Casio. ¡Si,
sorri, veña! Atrapareite na túa propia galantería... Dis ben, moi
certo... Se por estas finuras deixas de ser tenente, mellor te
sería non botar tantos bicos e non xogar a galanteador. ¡Moi
ben! ¡Bonito bico! Requentada cortesía. ¡Iso é! ¿Outra vez os
dedos nos beizos? ¡Oxalá se volvan lavativas!

Son de trompeta.

¡O Mouro! É o seu sinal.

CASIO

Seguro.

DESDÉMONA

Vaiamos ao seu encontro.

CASIO

Mirade, velai vén.

Entran Otelo e acompañantes.

OTELO

¡Miña querida guerreira!

DESDÉMONA

¡Meu querido Otelo!

OTELO

O asombro iguala o contento
de te ver aquí antes ca min. Vida miña,
se despois da tempestade vén esta bonanza,
¡sopren os ventos ata espertar a morte
e a esforzada nave escale montañas de auga
tan altas coma o Olimpo e descenda
desde o ceo ás profundidades do inferno!
De morrer agora, sería feliz
pois temo que a miña alma non acadade
felicidade tan absoluta
no incerto porvir.

DESDÉMONA

Queira o ceo
que o noso amor e felicidade
medren co paso dos días.

OTELO

¡Amén a iso, poderes celestiais!
Non podó expresar o meu contento.
Impídemo o exceso de ledicia.

Bicanse.

Que isto, e isto, sexan a meirande
discordancia dos nosos corazóns.

IAGO

Á parte.

¡Fermosa harmonía!
Eu desacordarei esa música,
como honrado que son.

OTELO

Vamos ao castelo.— Novas, amigos: rematou a guerra; os turcos afogaron. ¿Como están os vellos amigos desta illa?— Querida, serás ben acollida en Chipre. Aquí sempre atopei agarimo. Amada miña, falo sen orde nin concerto e desvarío de felicidade.— Por favor, bo Iago, vai ao peirao e que desembarquen os meus cofres. Trae o patrón á cidadela; é moi competente e a súa valía merece consideración.— Vamos, Desdémona. ¡Canto me alegra verte en Chipre!

Saen todos agás Iago e Rodrigo.

IAGO

A un criado que sae.

Preséntate a min inmediatamente no porto. (A Rodrigo.) Ven aquí. Se es valente, pois disque un plebeo adquire certa nobreza cando está namorado, escóitame. Esta noite o tenente está de servizo no posto de garda. Pero primeiro teño que che dicir algo: Desdémona está perdidamente namorada del.

RODRIGO

¿Del? Non pode ser.

IAGO

Cala a boca e deixa que che explique. Lembra con que fogueira se namorou de Otelo só polas bravatas e as troulas que lle contaba. ¿Vai amalo sempre pola verba? Que non pense tal cousa o teu discreto corazón. A vista hai que alimentala. ¿Que pracer vai atopar ela en mirar o diaño? Cando o trato carnal fai esmorecer a paixón, para volver inflamala e avivar os apetitos saciados precisase aparencia xentil, afinidade nos anos, modais e beleza: cousas das que carece o Mouro. Faltando estes requisitos esenciais, a súa delicada sensibilidade sentirase enganada e comezará a terlle noxo, a odiar e aborrecer o Mouro. A propia natureza encargarase de guiala e levala a elixir a outro. Pois

ben, admitido todo isto, que é unha hipótese convincente e razoable, ¿quen está máis alto na escala da fortuna que Casio, un canalla con labia, sen máis conciencia que a proporcionada pola mera aparencia da cortesía e humanidade para mellor satisfacer as súas lascivas, ocultas e indecentes inclinacións? ¡Ninguén, carafio, ninguén! Un canalla escorregadizo e astuto, un oportunista con ollo para cuñar e falsificar oportunidades aínda que a verdadeira oportunidade non se presente nunca. Un canalla diabólico. Amais, o condenado é aposto e ten xuventude e todos os requisitos que buscan as necias e inexpertas. Un canalla noxento, e a muller xa lle botou o ollo.

RODRIGO

Non podo crer iso dela; é unha alma bendita.

IAGO

¡Un figo bendito! O viño que bebe é de uva. Se fose bendita non se namoraría do Mouro. ¡Un corno bendito! ¿Non viches como lle apaxaba a man? ¿Non te fixaches?

RODRIGO

Si, pero era por cortesía.

IAGO

¡Lascivia! Índice e escuro prólogo dunha historia de luxuria e obscenos pensamentos. Achegáronse tanto os beizos que os seus alentos se abrazaron. Ruíns pensamentos, Rodrigo. Cando estas intimidades abren o camiño logo chega o acto capital e principal, a consumación carnal. ¡Puf! Pero ti déixate levar por min. Tróuxente desde Venecia. Esta noite estarás de garda. Eu non andarei lonxe. Ti busca ocasión de alporizar a Casio, sexa berrando, menosprezando a súa disciplina ou por calquera outro medio que queiras e que o tempo proverá.

RODRIGO

Ben.

IAGO

É impulsivo e colérico e quizais te golpee; ti encírrao para que o faga; con isto provocarei unha revolta en Chipre que se aplacará coa destitución de Casio. Así terás o camiño aos teus

desexos máis expedito polos medios que vou promover e proveitosamente eliminado o obstáculo que, do contrario, estorbaría as nosas expectativas de éxito.

RODRIGO

Fareino, se ti me proporcionas a oportunidade.

IAGO

Garantida. Reúnete logo comigo na cidadela. Teño que desembarcar os seus efectos. Adeus.

RODRIGO

Adeus.

Sae.

IAGO

Que Casio a quere, ben o creo;
que ela o queira, é posible e crible.
O Mouro, aínda que non o aturo,
é fiel, nobre e agarimoso:
de seguro será para Desdémona
caro esposo. Eu quéroa tamén;
non só por luxuria, aínda que quizais
se me poida acusar de tan grave pecado,
senón en parte para saciar a miña vinganza,
pois sospeito que o Mouro lascivo
cabalgou na miña montura. Este pensamento
coma veneno ríllame as entrañas
e o meu corazón non acougará
ata quedar a par, muller por muller;
ou, se non, ata suscitar no Mouro
celos tan fortes que a razón
non poida curar. Para ese fin,
se este pobre infeliz veneciano a quen sigo
na súa fogosa caza non perde folgos,
terei ben collido ao noso Miguel Casio
e aldraxareino ante o Mouro,
pois imaxino a Casio no meu leito tamén,
e lograrei que o Mouro mo agradeza, me queira

e me recompense por convertelo nun asno egrexio
e argallar contra a súa paz e sosego
ata a loucura. Aquí está, en esbozo.
Só na acción mostra a maldade o seu rostro.

Sae.

ESCENA 2

Entra un heraldo de Otelo cun bando.

HERALDO

É desexo de Otelo, o noso nobre e valente xeneral, que, sendo certas as novas recentemente chegadas que informan do total afundimento da escuadra turca, todo o mundo o festexe: uns, bailando; outros, prendendo cacharelas; cada un coa festa e diversión que lle dite a súa inclinación. Pois, amais destas favorables novas, tamén é a celebración do seu casamento. Era o seu desexo que isto se proclamase. As despensas están abertas e hai plena liberdade para o convite desde a presente hora das cinco ata que a campá dea as once. ¡Que Deus bendiga a illa de Chipre e a Otelo, o noso nobre xeneral!

Sae.

ESCENA 3

Entran Otelo, Desdémona, Casio e acompañantes.

OTELO

Querido Miguel, esta noite encargádevos da garda.
Impoñámonos un límite digno,
non nos excedamos no festexo.

CASIO

Iago ten as instrucións pertinentes. Así e todo, eu mesmo inspeccionarei persoalmente.

OTELO

Iago é moi leal.
Boas noites, Miguel. Mañá cedo quero falarvos.— Vamos, meu amor: do adquirido agardamos o froito pero o noso proveito tarda moito.— Boas noites.

Saen Otelo, Desdémona e acompañantes. Entra Iago.

CASIO

Benvido, Iago. Temos que ir facer a garda.

IAGO

Falta unha hora, tenente. Aínda non son as dez. O noso xeneral despediunos tan cedo por amor a Desdémona, e non llo criticaremos nós. Aínda non gozou dunha noite de desenfreno e ela é un bocado digno de Xúpiter.

CASIO

É unha dama exquisita.

IAGO

E ardente, seguro.

CASIO

É unha criatura xentil e delicada.

IAGO

¡Que ollos ten! Invitan e provočan.

CASIO

Son atraentes, pero castos.

IAGO

E cando fala, ¿non soa como a chamada do amor?

CASIO

É a perfección mesma.

IAGO

Pois, ¡benditas sabas! Veña, tenente, que teño unha xerra de viño e aí fóra agardan dous cabaleiros chipriotas que de boa gana beberán un grollo á saúde do negro Otelo.

CASIO

Esta noite non, amigo Iago. Levo mal a bebida. Oxalá a cortesía atopase outro xeito de celebración.

IAGO

¡Bah, son amigos! ¡Só un vaso! Eu beberei por vós.

CASIO

Só botei un trago esta noite, e ben augado, e mira que trastorno teño aquí dentro. Son un desgraciado con esta fraqueza miña e non me atrevo a arriscar máis a miña debilidad.

IAGO

¡Veña, home! Esta é unha noite de festa e iso é o que desexan eses cabaleiros.

CASIO

¿Onde están?

IAGO

Aí, na porta. Prégovos que os invitedes a entrar.

CASIO

Fareino, aínda que me desagrada.

Sae.

IAGO

Se logro que bote outro trago, co que xa leva bebido esta noite estará máis agresivo e camorrista ca un cadelo. E o parviolo de Rodrigo, a quen o amor volveu do revés, brinda esta noite con xerras enteiras pola súa Desdémona, e está de garda. E a outros tres de Chipre, espíritos animosos, moi susceptibles en cuestións de honra, dignos exemplares desta belicosa illa,

animei con vasos ben cheos,
e tamén están de garda. Pois con esta banda
de borrachos inducirei ao noso Casio
a alporizar a illa. Velaquí veñen.

Entran Casio, Montano e Cabaleiros.

Se os feitos o meu soño secundan
o meu barco singra con ventura.

CASIO

Abofé que me deron un bo trago.

MONTANO

¡Ca, ben pequeno! Non pasaba do neto, palabra de soldado.

IAGO

¡Ei, máis viño!

Canta.

Que choquen as copas, tin-tin,
que choquen as copas, tin-tin.
O soldado é un home
e o home morre.
Beba o soldado sen fin.

¡Máis viño, mozos!

CASIO

Excelente canción, ¡abofé!

IAGO

Aprendina en Inglaterra, onde son magníficos bebedores.
O danés, o alemán e o panzudo holandés —ei, bebamos— non
son nada comparados co inglés.

CASIO

¿É o inglés tan eximio bebedor?

IAGO

Bebe cunha facilidade que deixa medio morto ao danés,
non súa para tombar ao alemán e fai vomitar ao holandés antes
de encher a segunda xerra.

CASIO

¡Á saúde do noso xeneral!

MONTANO

Súmome, tenente, e brindo con vós.

IAGO

¡Oh, doce Inglaterra!

Canta.

Foi Estevo rei sen par
que presumía de calzóns
pero por seis peniques de máis
chamou ao xastre ladrón.
Era persoa renomeada
e ti es de baixa condición.
Vístete coa vella capa
que o orgullo arruína a nación.

¡Máis viño!

CASIO

¡Esta canción é mellor cá outra, abofé!

IAGO

¿Queres que volva cantala?

CASIO

Non, pois paréceme indigno do seu posto quen fai esas
cousas. Ben, Deus todo o ve e hai almas que se salvarán e almas
que se condenarán.

IAGO

Moi certo, querido tenente.

CASIO

Eu pola miña parte, sen ofender ao xeneral nin a ningunha
persoa principal, espero salvarme.

IAGO

E eu tamén, querido tenente.

CASIO

Si, pero, dispensando, non antes ca min. O tenente sálvase
ante ca o alférez. Morra o conto. Aos nosos asuntos. ¡Que Deus
perdoe os nosos pecados! Cabaleiros, á nosa obriga. Cabaleiros,
non pensedes que estou bébedo. Este é o meu alférez, esta é a

miña man dereita e esta a esquerda. Podo camiñar dereito e falo bastante ben.

TODOS

¡De marabilla!

CASIO

Moi ben. Daquela non pensesdes que estou bébedo.

Sae.

MONTANO

Á explanada, señores. Veña, imos montar a garda.

IAGO

Mirade ese home que acaba de saír.

É un soldado digno de César e capacitado para dar ordes. Pero mirade tamén o seu vicio:

equinoccio exacto da súa virtude;

un iguala á outra. ¡Pena de home!

Temo que a confianza que nel pon Otelo nun inoportuno momento do seu mal alporice a illa.

MONTANO

Pero, ¿está así a miúdo?

IAGO

É sempre o prólogo do seu sono: está en vela dúas voltas do reloxo se a bebida non lle arrola o berce.

MONTANO

Sería bo informar o xeneral.

Quizais el non o ve ou a súa bondade

valora as virtudes evidentes de Casio

e non ve os seus defectos. ¿Non é verdade?

Entra Rodrigo.

IAGO

Á parte a Rodrigo.

¿Que hai, Rodrigo?

Por favor, corre tras do tenente, veña.

Sae Rodrigo.

MONTANO

Dá mágoa que o nobre Mouro confie o posto de tenente a alguén cunha debilidade tan arraigada. Sería un acto de lealdade dicirlllo ao Mouro.

IAGO

Eu non, por esta fermosa illa. Quero ben a Casio e farei canto poida por curalo do seu mal.

VOCES

Dentro.

¡Socorro! ¡Socorro!

IAGO

¡Escoitade! ¿Que barullo é ese?

Entra Casio perseguindo a Rodrigo.

CASIO

¡Desvergoñado! ¡Miserable!

MONTANO

¿Que ocorre, tenente?

CASIO

¿Un canalla vai ensinarme o meu deber? Vou mallar neste canalla ata deixalo feito un farrapo.

RODRIGO

¿Pretendes baterme?

CASIO

¿Que farfallas, infame?

MONTANO

Por favor, tenente, non lle peguedes.

CASIO

¡Deixádeme, señor, ou féndovos a testa!

MONTANO

Veña, veña, estades bébedo.

CASIO

¿Bébedo eu?

Pelexan.

IAGO

Á parte a Rodrigo.

Veña, vai berrar que hai un tumulto.

Sae Rodrigo.

Basta tenente. ¡Por Deus, cabaleiros!

¡Ei, axuda! ¡Tenente! ¡Señor Montano!

¡Axuda, señores! ¡Vaia garda tan boa que temos!

Soa unha campá.¿Quen toca a campá? ¡Diablo!¹

Vai alborotarse a cidade. ¡Por Deus, tenente, basta!

Quedaredes deshonorado para sempre.

Entran Otelo e acompañantes con armas.

OTELO

¿Que ocorre?

MONTANO

¡Rediola! Sangro. Estou ferido de morte.

Ataca a Casio.

Vouno matar.

OTELO

¡Alto, pola vosa vida!

IAGO

¡Basta! ¡Tenente! ¡Señor Montano! ¡Cabaleiros!

¿Perdestes o sentido do decoro e o deber?

¡Basta! Fálavos o xeneral. ¡Basta, por dignidade!

OTELO

¿Que pasa? ¿Como xurdiu isto?

¿Seica nos volvemos turcos

e facemos o que o ceo impediu aos otománs?

1. En castelán no orixinal. (Nota do tradutor)

Por dignidade cristiá, ¡deixade xa esta disputa bárbara!

Quen pretenda saciar a súa furia

en pouco valora a súa alma: quen se mova, morre.

¡Que cese esa horrible campá! Espanta a illa

privándoa da súa quietudé. ¿Que pasa, señores?

Honrado Iago, que pareceis morto de pena,

fala. ¿Quen comezou? Pola túa lealdade, ordénocho.

IAGO

Non o sei. Tan amigos hai un intre,

en harmonía como noivo e noiva

espíndose para o leito. E nesas,

coma se un astro os volve se tolos,

tiran de espada e atácanse o peito

en cruel enfrontamento. Non podó

explicar a orixe desta absurda pelexa

e oxalá houbese perdido en glorioso combate

as pernas que a presenciala me trouxeron.

OTELO

¿Que foi, Miguel, o que vos trastornou?

CASIO

Prégovos que me perdoedes. Non podó falar.

OTELO

Nobre Montano, sempre fostes correcto.

A seriedade e temperanza da vosa xuventude

son ben coñecidas e o voso nome respectado

en boca dos máis ríxidos. ¿Que pasou

para que estragásedes a vosa reputación

e cambiásedes o voso bo nome

polo de camorrista? Contestádeme.

MONTANO

Nobre Otelo, estou ferido de gravidade.

Iago, o voso oficial, pode informarvos

de todo o que sei e aforrarme palabras

que me martirizan. Non sei de nada

censurable que fixese ou dixese esta noite,

salvo que a caridade con un mesmo é un vicio e defenderse cando a violencia nos ataca, un pecado.

OTELO

¡Polos ceos!
O sangue comeza a dobregar a razón e a paixón, logo de escurecerme o xuízo, pretende gobernarme. ¡Cristo bendito! Se me movo ou ergo o brazo, o mellor de vós sucumbirá ao castigo. Dícideme como empezou esta ruín liorta, quen a provocou. O culpable desta ofensa, aínda que sexa o meu irmán, nado canda min, que se despida. ¿Nunha praza militar, aínda inqueda, cos corazóns da xente cheos de medo, promover unha disputa interna e privada? ¿De noite, no posto de garda e de servizo? É monstruoso. Iago, ¿quen empezou?

MONTANO

Se por amizade ou espírito de corpo non contas toda a verdade, non es soldado.

IAGO

Non me toquedes esa corda. Arrincariame a lingua antes que ofender a Miguel Casio. Mais supoño que dicir a verdade non pode prexudicalo. Esta é a verdade, xeneral: estabamos Montano e mais eu de charla cando aparece un tipo pedindo axuda perseguido por Casio coa espada desenvaiñada e disposto a cargar contra el. Este cabaleiro interponse e pídelo a Casio que acougue. Eu persigo ao tipo que berraba, non fose que os seus berros,

como así ocorreu, atemorizasen a cidade. El, lixeiro de pés, logra fuxir e eu volvo decontado, porque escoito estrondo de espadas e a Casio blasfemar, o que nunca ata esta noite oíra. Cando volví, nun intre, atopeinos enfrontados a golpes e estocadas, tal e como estaban cando vós os separastes. Deste asunto máis nada podo dicir. Pero os homes son homes e ás veces os mellores se trastornan. Aínda que Casio algún dano lle fixo, pois un home furioso arremete contra quen máis o estima, creo con toda a seguridade que Casio recibiu do fuxitivo algunha grave aldraxe que a paciencia non pode perdoar.

OTELO

Xa vexo, Iago, que por afecto e lealdade minimizas os feitos para escusar a Casio. Casio, estímovos pero non seguredes sendo o meu oficial.

Entra Desdémona con séquito.

Mirade, tamén a miña amada se ergueu. Serviredes de exemplo.

DESDÉMONA

¿Que ocorre, meu amor?

OTELO

Está todo ben, querida. Vaite deitar.— Señor, das vosas feridas serei cirurxián. Levádeo.

Levan a Montano.

Iago, percorre a cidade e calma os alporizados por esta vil disputa.— Ven, Desdémona. O sono do soldado polo fragor das armas é perturbado.

Saen todos agás Iago e Casio.

IAGO

¿Estades ferido, tenente?

CASIO

Si, e sen remedio.

IAGO

¡Rediola, non o queira Deus!

CASIO

¡Honra, honra, honra! ¡Perdín a honra! Perdín a parte inmaterial do meu ser e só me queda a animal. ¡A miña honra, Iago, a miña honra!

IAGO

Polo meu honor que pensei que recibirades algunha ferida no corpo. Estas son máis tanxibles cá honra. A reputación é un atributo van e enganoso que a miúdo se obtén sen mérito e se perde sen motivo. Non perdestes a honra a non ser que vós mesmo vos consideredes deshonorado. ¡Veña, home! Hai maneiras de recobrar o favor do xeneral. Rexeitouvos nunha arroutada, un castigo máis por pura formalidade que malquerenza, como quen lle pega a un can indefenso para espantar o fero león. Suplicádelle e é voso.

CASIO

Mais ben lle suplicarei ser desprezado que enganar a un xefe tan bo cun oficial tan irreflexivo, borracho e imprudente. ¡Borracho! ¡Esbardallando! ¡Berrando! ¡Alardeando! ¡Xurando! ¡Discursando fachendoso coa miña propia sombra! ¡Ah, invisible espírito do viño! ¡Se non tes outro nome, chamareite diaño!

IAGO

¿Quen é ese que perseguiades coa espada? ¿Que vos fixo?

CASIO

Non o sei.

IAGO

¿De verdade?

CASIO

Recordo unha morea de cousas, pero nada concreto: unha disputa, mais non sei por que. ¡Ai, Deus! ¡Que os homes se metan un inimigo na boca que lles rouba o xuízo! ¡Que convertérmonos en animais sexa motivo de ledicia, pracer, festexo e aplauso!

IAGO

Pero agora estades bastante ben. ¿Como vos recuperastes?

CASIO

O diaño da ebriedade tivo a ben ceder o seu pasto ao diaño da ira. Unha imperfección faima ver outra e fai que me desprece a min mesmo.

IAGO

¡Veña! ¡Sodes un moralista moi severo! Considerando a hora, o lugar e a situación do país, desexaría de corazón que isto non houbera ocorrido; pero xa que as cousas están como están, endereitádeas para o voso propio proveito.

CASIO

Se lle pido que me reintegre ao meu posto, contestará que son un borracho. Se tivese eu tantas bocas coma unha hidra, esa resposta pecharíaaas todas. ¡Ser un home sensato e nun intre converterme nunha besta! ¡Que portento! ¡Cada copa de máis é unha maldición e o seu contido un diaño!

IAGO

¡Veña, veña! O bo viño, se se sabe beber, é un bo compañeiro; non o denigredes máis. Por certo, querido tenente, supoño que pensades que vos aprecio.

CASIO

Boas probas teño. ¡Eu borracho!

IAGO

Vós e calquera pode emborracharse algunha vez, home. Direivos o que debedes facer. Agora o xeneral é a muller do noso xeneral. Dígoo no sentido de que está dedicado e consagrado á contemplación, observación e admiración dos seus encantos e virtudes. Confiádevos a ela abertamente, pregádelle

con insistencia que vos axude a recuperar o voso posto. É tan xenerosa, boa, sensible e anxelical que na súa bondade considera un defecto non facer máis do que se lle pide. Pregádelle que amañe a xuntura rota entre vós e o seu marido e aposto todo o que teño contra calquera cousa que esa amizade crebada chegará a ser máis forte ca antes.

CASIO

É un bo consello.

IAGO

Dóuvolo con sincera amizade e honestidade.

CASIO

Estou totalmente seguro. Pola mañá cedo suplicareille á virtuosa Desdémona que interceda por min. Se me rexeitan, estou perdido.

IAGO

Moi certo. Boas noites, tenente. Debo atender a garda.

CASIO

Boas noites, honrado Iago.

Sae.

IAGO

¿Quen di que fago de malo se dou consello franco e honrado, razoable e ben encamiñado a conquistar o Mouro? Pois é máis doado entenrecer á indulxente Desdémona cunha petición honrada. Criatura tan xenerosa coma os elementos da natureza; de ela querer gañar ao Mouro, renunciaría el ao bautismo, ritos e símbolos da redención, tan aferrollado está ao seu amor que ela pode facer e desfacer ao seu antollo, que é desexo dunha deusa para a feble vontade del. ¿Malvado eu por aconsellar a Casio esta vía paralela, directa ao seu proveito? ¿Doutrina do inferno!

Cando o demo induce ao máis negro pecado téntanos primeiro con aparencia anxelical, como eu agora. Mentres este honrado parvo roga a Desdémona que remedie a súa sorte e ela intercede afervoadamente por el, eu verterei nos oídos do Mouro esta aleivosía: que avoga por el movida pola luxuria. Canto máis loite polo ben do outro, máis desconfiará dela o Mouro. Así converterei a súa virtude en pecado e coa súa propia bondade farei a rede na que a todos atraparei.

Entra Rodrigo.

¿Que hai, Rodrigo?

RODRIGO

Sigo na persecución, pero non coma can de caza senón coma un ladrador máis. Xa case esgotei os cartos. Esta noite malláronme a oito e supoño que o resultado destas penalidades será que adquirín experiencia. De modo que, sen cartos e cun pouco máis de xuízo, volvo a Venecia.

IAGO

¡Coitadiños os impacientes!
 ¿Que ferida non cura pouco a pouco?
 Oramos con enxeño, non por bruxería,
 e o enxeño actúa devagar.
 ¿Non vai ben? Casio zoscoute
 e ti, por esa lixeira magoadura, mandas a Casio a casa.
 Moitos froitos medran vizosos baixo o sol,
 pero os que antes agroman antes madurarán.
 Acouga un anaco. ¡Cristo, o abrente!
 Pracer e acción acurtan as horas.
 Retírate, vai ao teu aloxamento.
 Vaite. Tereite informado.
 ¡Veña, lisca xa!

Sae Rodrigo.

Dúas cousas hai que facer:
a miña muller debe mediar ante a súa ama;
incitareina.
Mentres tanto eu afastarei o Mouro
e farei que sorprenda a Casio
suplicando á súa esposa. Si, é a maneira.
Non esmoreza o plan por demora ou indolencia.

Sae.

ACTO III

ESCENA 1

Entra Casio con músicos.

CASIO

Tocade aquí, músicos. Recompensareivos o traballo.
Algo breve para desexarlle bo día ao xeneral.

Tocan.

Entra o Bufón.

BUFÓN

Ei, señores músicos, ¿seica estiveron en Nápoles os vosos
instrumentos, que así fungan polo nariz?

MÚSICO 1.º

¿Que di, señor?

BUFÓN

¿Son instrumentos de vento?

MÚSICO 1.º

Son, si, señor.

BUFÓN

Daquela teñen rabo.

MÚSICO 1.º

¿Onde teñen o rabo?

BUFÓN

¡Carafío, pendurado doutro instrumento de vento que eu
ben sei! Pero señores músicos, collede estes cartos; o xeneral
gusta tanto da vosa música que desexa, de mil amores, que non
fagades máis ruído.

MÚSICO 1.º

Non o faremos.

BUFÓN

Se tedes música que non se sinta, adiante. Pero, por así dicir, ao xeneral non lle gusta escoitar música.

MÚSICO 1.º

Desa música non lle temos, señor.

BUFÓN

Daquela, enfundade as frautas e largade. Veña, evaporádevos.

Saen os músicos.

CASIO

Escoita, honrado amigo.

BUFÓN

Non escoito o honrado amigo; pero escóitovos a vós.

CASIO

Déixate de lerias. Toma esta pequena moeda de ouro. Se a dama que atende a esposa do xeneral anda levantada, dille que Casio lle suplica que teña a ben unhas palabras. ¿Fasme ese favor?

BUFÓN

Andar, anda, señor. E se anda por aquí, procederei a notificarllo.

CASIO

Faino, amigo.

Sae o Bufón.

Entra Iago.

CASIO

Alégrome de verte, Iago.

IAGO

¿Non vos deitastes?

CASIO

Non. Xa rompera o día cando nos separamos. Iago, atrevínme a chamar a túa esposa para pedirlle que me procure acceso á virtuosa Desdémona.

IAGO

Agora mesmo lle digo que veña. Eu buscarei a maneira de afastar o Mouro para que faledes do voso asunto con maior liberdade.

CASIO

Agradézochos moito.

Sae Iago.

Non hai un florentino tan amable e honrado.

Entra Emilia.

EMILIA

Bo día, tenente. Magóame a vos desgraza. Pero todo irá ben. O xeneral e a súa esposa están a falar e ela deféndevos con fervor. O Mouro responde que o home que feristes é importante en Chipre e ben relacionado e que, en boa lóxica, debería despedirvos. Pero afirma que vos estima e que non necesita máis avogado cá amizade para aproveitar a ocasión propicia de rehabilitarvos.

CASIO

Con todo suplicovos, se vos parece posible e conveniente, que me proporcionedes a oportunidade de falar en privado con Desdémona.

EMILIA

Entrade, prégovolo. Levareivos onde dispoñades de tempo para abrialle o voso peito.

CASIO

Quédovos moi obrigado.

Saen.

ESCENA 2

Entran Oteló, Iago e cabaleiros.

OTELO

Iago, dálle estas cartas ao piloto da nave
e que lle presente os meus respectos ao senado.
Eu vou inspeccionar as fortificacións.
Reúnete despois alí comigo.

IAGO

Moi ben, señor. Ás vosas ordes.

Sae.

OTELO

Cabaleiros, ¿imos ver esa fortificación?

CABALEIROS

Á vosá disposición, señoría.

Saen.

ESCENA 3

Entran Desdémona, Casio e Emilia.

DESDÉMONA

Ten a seguridade, bo Casio,
de que farei por ti todo o que poida.

EMILIA

Facédeo, señora. Asegúrovos que o meu home
sofre coma se fose cousa súa.

DESDÉMONA

É un home honrado. Non dubides, Casio,
de que farei que o meu señor e mais ti
volvades ser tan amigos coma antes.

CASIO

Bondadosa señora,
sexa o que sexa de Miguel Casio,
o voso fiel servidor sempre será.

DESDÉMONA

Xa o sei. Grazas. Estimás ao meu esposo,
coñécelo desde hai tempo e podes estar ben seguro
de que non manterá este distanciamento
máis alá da conveniencia política.

CASIO

Si, señora, pero quizais
esa política dure tanto tempo,
se nutra con dieta tan frugal
ou se complique polas circunstancias
que, estando eu ausente e o meu posto cuberto,
o xeneral esqueza a miña amizade e servizos.

DESDÉMONA

Non temas. Ante Emilia, aquí presente,
garántoche o teu posto. Ten a seguridade
de que se fago unha promesa de amizade
cúmproa ao pé da letra. Oteló non terá acougo,
estará en vela ata que se abrande; esgotarei a paciencia,
o seu leito será escola; a súa mesa, confesionario;
en calquera cousa que faga introduciréi
a petición de Casio. Alégrate, Casio:
a túa avogada antes morre
que abandonar a túa causa.

Entran Oteló e Iago.

EMILIA

Señora, veláí vén o meu señor.

CASIO

Señora, despídome.

DESDÉMONA

Non, queda e escóitame falar.

CASIO

Agora non, señora. Estou moi desacougado,
en desvantaxe para o meu propio interese.

DESDÉMONA

Como queiras.

Sae Casio.

IAGO

¡Ca! Iso non me gusta.

OTELO

¿Que dis?

IAGO

Nada, señor. Ou... non sei.

OTELO

¿Non era Casio ese que se despediu da miña esposa?

IAGO

¿Casio, señor? Non, seguro. Non podo crer
que fuxise coma un culpable
ao vervos vir.

OTELO

Eu creo que era el.

DESDÉMONA

¿Que hai, meu señor?

Estaba a falar cun suplicante,
un home que esmorece por mor da túa inimizade.

OTELO

¿De quen falas?

DESDÉMONA

¡Vaia! Do teu tenente Casio.

Se teño a virtude ou o poder de persuadirte,
accede a unha inmediata reconciliación.

Pois se non te preza de verdade,
se errou por maldade e non por irreflexión,
non sei recoñecer un rostro honrado.

Prégoche que o rehabilites.

OTELO

¿Era ese que marchou?

DESDÉMONA

Era, e tan humillado
que me deixa parte da súa pena
para que a compartas. Meu amor, chámalo.

OTELO

Agora non, querida Desdémona. Noutra ocasión.

DESDÉMONA

¿Será pronto?

OTELO

Por ti, meu amor, o antes posible.

DESDÉMONA

¿Esta noite, na cea?

OTELO

Non, esta noite non.

DESDÉMONA

¿Mañá, no xantar?

OTELO

Xanto fóra. Reúnome
cos capitáns na cidadela.

DESDÉMONA

Pois mañá pola noite, o martes pola mañá,
ao mediodía, ou á noite; o mércores pola mañá.

Dime cando, por favor, pero non máis
de tres días. De verdade que está arrepentido.

A súa infracción nin sequera é unha falta
(agás na guerra, onde din que o castigo
a un oficial debe ser exemplar) que mereza
reprimenda privada. ¿Cando vai vir?

Dimo, Otelo. Non imaxino
qué poderías pedirme que eu che negase
ou dubidase tanto. ¡Vaia! Miguel Casio,
que te acompañou cando me cortexas
e a miúdo se poñía da túa parte

cando eu te censuraba... ¿tanto esforzo para rehabilitalo? ¡Ceos! Eu podería...

OTELO

Basta, por favor. Que veña cando queira. Nada che negarei.

DESDÉMONA

¡Vaia! Ese non é un favor. É como se te pedise que leves luvas, te alimentes ben ou te abrigues, ou che pedise que fixeses para o teu proveito algo especial. Non; se fago un rogo que de verdade poña a proba o teu amor, será de peso e envergadura e arriscado de conceder.

OTELO

Nada che negarei.
A cambio pídoche unha cousa:
déixame só un momento.

DESDÉMONA

¿Voucho negar? Non; adeus, meu señor.

OTELO

Adeus, miña Desdémona. Axiña vou.

DESDÉMONA

Ven, Emilia. (A Otelo.) Fai o que o corazón che dite.
O que decidas, obedecerei.

Saen Desdémona e Emilia.

OTELO

¡Adorable criatura! ¡Desgraciado de min se non te quero! ¡E se deixo de quererte volverá ser o caos!

IAGO

Meu nobre señor...

OTELO

¿Que queres, Iago?

IAGO

Cando faciades as beiras á señora, ¿coñecía Miguel Casio o voso amor?

OTELO

Si, de principio a fin. ¿Por que o preguntas?

IAGO

Por satisfacer a miña curiosidade...
Sen ningunha outra intención.

OTELO

¿E por que esa curiosidade, Iago?

IAGO

Non sabía que a coñecese.

OTELO

Si, e moitas veces fixo de mediador entre nós.

IAGO

¿De verdade?

OTELO

¿De verdade? Si, de verdade. ¿Paréceche raro?
¿Non é honrado?

IAGO

¿Honrado, señor?

OTELO

¿Honrado? Si, honrado.

IAGO

Señor, polo que sei...

OTELO

¿Que cres ti?

IAGO

¿Que creo eu, señor?

OTELO

¿Que creo eu, señor? ¡Santo ceo!
Es o meu eco, como se tiveses no pensamento
un monstro demasiado horrendo para ser revelado.
Ti algo queres dicir. Cando Casio se despediu da miña

esposa

dixeches que non che gustaba. ¿Que é o que non che gustaba?

E cando dixer que tiña coñecemento do meu galanteo exclamaches “¿de verdade?”, e engurraches e premiches o cello como se pechases no teu cerebro unha idea horrible. Se de verdade me prezas, revélame os teus pensamentos.

IAGO

Señor, sabedes que vos estimo.

OTELO

Creo que si. E como sei do teu aprecio e lealdade e que sopesas as palabras antes de dicilas, máis me alarman as túas vacilacións. Nun canalla falso e desleal son cousas habituais; pero nun home honrado son vacilacións íntimas xurdidas do corazón que a paixón non pode dominar.

IAGO

De Miguel Casio atrevome a xurar que é home honrado.

OTELO

Eu tamén o creo.

IAGO

Os homes deberían ser o que parecen; e os que non o son, ¡oxalá non o parecen!

OTELO

Certo, os homes deben ser o que parecen.

IAGO

Por iso penso que Casio é honrado.

OTELO

Non, hai algo máis. Prégoo, revélame os pensamentos que andas a remoer e os máis sinistros exprésaos coas palabras máis sinistras.

IAGO

Perdoádeme, señor. Estou obrigado á lealdade, pero non máis obrigado ca un escravo. ¿Revelar os pensamentos? ¿E se son falsos e ruíns? ¿Hai pazo onde nunca se infiltran vilezas? ¿Quen ten peito tan puro no que algunha vez non coinciden e comparten audiencia ideas turbias e pensamentos xustos?

OTELO

Contra o teu amigo manobras, Iago, se, considerándoo aldraxado, os teus pensamentos lle negas.

IAGO

Suplicovos, aínda que quizais estou errado nas miñas suposicións (pois confeso que é eiva do meu carácter espíar a maldade e do meu celo imaxinar culpas que non existen), que a vosa prudencia non lle preste atención a quen sospeita sen fundamento nin vos desacougades polas súas observacións incongruentes e dubidosas. Polo voso sosego e benestar, pola miña virilidade, prudencia e lealdade, non convén que saibades o que penso.

OTELO

¿Que queres dicir?

IAGO

Meu querido señor, no home e na muller a honra é o tesouro máis prezado da súa alma. Quen me rouba a bolsa, rouba ferralla; pouca cousa, nada; foi miña, é súa; escrava de milleiros. Mais quen me quita a honra, róubame o que a el non enriquece e a min me empobrece.

OTELO

¡Polos ceos que hei saber o que pensas!

IAGO

Non poderiades aínda que o meu corazón estivese na vosa man, e non podedes mentres eu sexa o seu dono.

OTELO

¡Que!

IAGO

¡Señor, coidado cos celos!
É o monstro de ollos verdes que se mofa da vianda que o alimenta. Feliz o cornudo que, coñecendo a súa sorte, non quere á ofensora; mais, ¡que angustiosas horas conta o que idolatra e dubida, o que ama e sospeita!

OTELO

¡Que padecemento!

IAGO

O pobre satisfeito é rico dabondo; o inmensamente rico que teme ser pobre é pobre coma o inverno.
¡Deus bendito, as almas dos meus garda dos celos!

OTELO

¿Por que? ¿A que vén iso?
¿Pensas que viviría unha vida de celos seguindo as fases da lúa con novas sospeitas? ¡Non! Unha dúbida, unha resolución. Convértame en carneiro se ocupo o meu espírito en suposicións etéreas e baleiras como as túas insinuacións. Non me dá celos oír que a miña esposa é fermosa, sabe comer, é sociable e aberta, canta, toca e baila: nobres virtudes na virtuosa.
Nin os meus escasos méritos me levarán

a sospeitar ou temer a súa infidelidade, pois tiña ollos e me elixiu. Non, Iago. Teño que ver para dubidar; ás dúbidas, probas; e con probas só hai unha solución: ¡jadeus ao amor e aos celos!

IAGO

Alégrome, pois agora podo mostrarvos abertamente o afecto e lealdade que vos teño. Posto que é unha obriga, velaí vai. Non falo aínda de probas. Vixiade a vosa esposa. Olládea con Casio. Cos ollos abertos: sen celos nin confiado. Non quixera ver o voso franco e nobre espírito enganado por mor da vosa bondade. Vixiade. Coñezo ben o carácter da nosa terra: as venecianas deixan que Deus vexa os enredos que lles esconden aos maridos. A súa conciencia permitelles facer e ocultar.

OTELO

¿Falas en serio?

IAGO

Enganou a seu pai, casando con vós; cando parecía tremer e temer o voso rostro, máis o amaba.

OTELO

Así era.

IAGO

¡Velaí! Tan nova e soubo finxir ata deixar máis cego ca unha toupa a seu pai, quen pensou que era bruxería. Paseime. Pídevos humildemente perdón por querervos en exceso.

OTELO

Estarei en débeda contigo sempre.

IAGO

Vexo que isto desacouga o voso espírito.

OTELO

Nada, nada.

IAGO

¡Temo que si, abofé! Espero
que consideredes o dito froito
do meu afecto. Mais véxovos axitado.
Suplicovos que non deades ás miñas palabras
maior gravidade nin alcance
ca o dunha sospeita.

OTELO

Non llos darei.

IAGO

Se o fixéseades, señor,
as miñas palabras terían un efecto nocivo
alleo ás miñas intencións. Casio é un bo amigo meu.
Señor, véxovos mudado.

OTELO

Non, non moito. Creo
que Desdémona é honesta.

IAGO

¡Que o sexa por moitos anos! ¡E que por moitos anos o
creades!

OTELO

Así e todo, cando a natureza se desvía...

IAGO

Si, esa é a cuestión. Pois, para servós franco,
rexeitar todos eses pretendentes
da súa mesma terra, raza e condición,
tendencia lóxica da natureza...
¡Puf! Cheira a inclinación viciada,
extravío, depravación.
Pero perdoádeme. Non falo dela
en concreto. Aínda que temo

que o seu espírito, reconsiderando a súa decisión,
caia na tentación de compararvos cos seus compatriotas
e quizais se arrepinta.

OTELO

Adeus, adeus.
Se observas algo, dimo.
Que a túa muller vivie. Déixame, Iago.

IAGO

Saíndo.

Señor, retirome.

OTELO

¿Por que casei? Este home leal sen dúbida
ve máis e sabe máis, moito máis, do que di.

IAGO

Volvendo.

Señor, quixera pedirlle á Vosa Excelencia
que non matine máis sobre este asunto. Dádelle tempo.
Aínda que é xusto que Casio teña o seu posto,
pois o exerce con gran capacidade,
se o mantedes afastado un tempo
poderedes observalo a el e os seus métodos.
Vede se a vosa esposa solicita a súa rehabilitación
con afervoadada e vehemente insistencia. Mentres tanto
pensade que son esaxerado nos meus temores,
xa que teño boas razóns para pensalo,
e pídolle á Vosa Excelencia que a consideredes inocente.

OTELO

Non temas que perda o control.

IAGO

De novo me despido.

Sae.

OTELO

É home de extraordinaria lealdade
e coñece por experiencia a condición humana.
Se comprobo que ela é un falcón bravo,

aínda que a súa pexa fosen as fibras do meu corazón,
 céibo a mercé do vento a que cace
 ao azar. Quizais porque son negro
 e non teño o don da conversa
 dos cortesáns e xa descendo
 a pendente dos anos, aínda non moito,
 pérdoa, traizóame e o meu único consolo
 será odiala. ¡Maldito matrimonio
 que permite ser dono dunha delicada criatura
 mais non dos seus sentimentos! Prefiro ser sapo
 e vivir nas miasmas dun alxube
 que deixar para uso alleo un anaco
 do ser amado. Pero é a maldición dos grandes.
 Os humildes son máis privilexiados.
 É destino inevitable, coma a morte.
 Desde o nacemento está decidido
 o destino do cornudo. Velaí vén.

Entran Desdémona e Emilia.

Se é infiel, o ceo mófase de si mesmo.
 Non podo crelo.

DESDÉMONA

¿Que ocorre, querido Otelo?
 A cea e os nobres illeiros
 que invitaches agardan a túa presenza.

OTELO

A culpa é miña.

DESDÉMONA

¿Por que falas tan baixiño?
 ¿Non estás ben?

OTELO

Dóeme a fronte, aquí.

DESDÉMONA

É de estar en vela. Pasará.
 Deixa que cha vende e nunha hora
 estarás ben.

OTELO

Este pano é demasiado pequeno.

Rexeita o pano, que cae ao chan.

Deixa. Veña, vou contigo.

DESDÉMONA

Sinto que non esteas ben.

Saen Otelo e Desdémona.

EMILIA

Alégrome de atopar este pano.
 Foi o primeiro agasallo do Mouro.
 O caprichoso do meu home tentoume
 centos de veces para que o collese; mais ela
 adora este galano, pois fixolle xurar
 que o conservaría sempre, e ela lévao acotío,
 bícao e fálalle. Encargarei unha copia do labor
 para darlla a Iago. ¡Deus sabe para que o quere!
 O único que fago é satisfacer o seu antollo.

Entra Iago.

IAGO

¡Ola! ¿Que fas aquí soa?

EMILIA

Non me berres. Teño unha cousa para ti.

IAGO

¿Unha cousa para min? É unha cousa vulgar...

EMILIA

¡Que!

IAGO

Ter unha esposa parva.

EMILIA

¡Oh! ¿Iso é todo? ¿Que me das
 por aquel pano?

IAGO

¿Que pano?

EMILIA

¡Que pano! O que o Mouro lle deu a Desdémona; o que tantas veces me pediches que lle roubase.

IAGO

¿Collíchesllo?

EMILIA

Non, abofé; caeulle por descoido. Por sorte eu estaba alí e collino. Mira, velaquí está.

IAGO

¡Canto vales! Dámo.

EMILIA

¿Que vas facer con el, que tanto interese tiñas en que o collese?

IAGO

¿Que máis che dá?

Quítallo.

EMILIA

Se non é para nada importante, devólvemo. Pobre señora, vaise volver tola cando non o atope.

IAGO

Ti non sabes nada. Eu necesítoo. Veña, vaite.

Sae Emilia.

Deixarei o pano no cuarto de Casio para que o atope. Miudezas liviás son para o celoso probas tan sólidas como as Santas Escrituras. Pode resultar. O Mouro xa acusa o meu veneno. As ideas perigosas son en si mesmas un veneno que ao principio non desagrada mais, cunha pequena acción sobre o sangue, queima como mina de xofre. Sempre o dixen.

Entra Otelo.

¡Velaí vén! Nin durmideira, nin mandrágora, nin todos os narcóticos do mundo che devolverán o doce sono de que gozabas onte.

OTELO

¡Ah! ¿Traizóame?

IAGO

¡Ola, xeneral! Esquecede iso.

OTELO

¡Fóra, vaite! Ti puxéchesme no suplicio. Xuro que é mellor o engano cá sospeita.

IAGO

¿Que vos ocorre, señor?

OTELO

¿Que sabía eu da súa furtiva luxuria? Non a vía, non a imaxinaba e non me doía. Durmía pola noite, comía e vivía feliz e contento. Non atopaba os bicos de Casio nos seus labios. A quen rouban, se non se decata do roubo, mellor que nada saiba e non sentirá a perda.

IAGO

Lamento que digades iso.

OTELO

Feliz sería na ignorancia aínda que todo o campamento, zapadores incluídos, gozasen do seu corpo. Agora, ¡adeus para sempre, tranquilidade de espírito! ¡Adeus, sosego! ¡Adeus, exércitos engalanados e grandes guerras que fan da ambición virtude! ¡Adeus! ¡Adeus rinchos de corceis, estridentes trompetas, animosos tambores, punzantes chifres, rexios estandartes e todo o esplendor, orgullo, pompa e cerimonia de gloriosas guerras!

¡E vós, mortíferos instrumentos de rudas gorxas
que imitan o espantoso estrondo do inmortal Xúpiter,
adeus! ¡A vida de Oteló rematou!

IAGO

¿É posible, señor?

OTELÓ

Canalla, demostra que a miña amada
é unha puta: faino. Dáme a proba visible
ou, pola salvación da miña alma,
mellor te sería ter nacido can
que afrontar a miña ira desencadeada.

IAGO

¿A isto chegamos?

OTELÓ

Faimo ver ou, polo menos, próbao
de xeito que na proba non haxa gancho nin anel
onde colgar unha dúbida ou... ¡ai de ti!

IAGO

Meu nobre señor...

OTELÓ

Se a calumnias e me atormentas,
non reces máis; esquécete do arrepentimento;
acumula horror sobre o cumio do horror,
perpetra actos que fagan chorar os ceos e espanten a terra,
pois nada peor ca isto poderás
engadir á túa condenación.

IAGO

¡Ceos! ¡Que Deus me perdoe!
¿Sodes home? ¿Tedes alma ou xuízo?
¡Adeus! Deixo o meu posto. ¡Ah, desgraciado idiota
por exceso de lealdade vilipendiado!
¡Ah, mundo cruel! ¡Fixate, mundo, fixate!
Ser honrado e sincero é perigoso.
Agradézovos a lección. Desde este intre
non quero amigos, pois a amizade fere.

OTELÓ

Non, agarda. Ti debes ser honrado.

IAGO

Debo ser listo; a honradez é parva
e malgasta o seu esforzo.

OTELÓ

¡Por todos os...!
Creo que a miña esposa é leal, e non o creo;
creo que ti es xusto, e non o creo.
Quero unha proba. O seu nome era tan puro
coma o rostro de Diana, agora é sucio e negro
coma a miña propia face. Habendo sogas, coitelos,
veleno, lume e auga que afoga, non o aturarei.
¡Oxalá estivese seguro!

IAGO

Señor, vexo que vos devora a paixón.
Arrepíntome de ser o causante.
¿Gustaríavos estar seguro?

OTELÓ

¿Se me gustaría? Non, quero.

IAGO

E podeades. Mais, ¿como estar seguro?
¿Queredes ser un groseiro espectador?
¿Contemplar como a montan?

OTELÓ

¡Ah, morte e condenación!

IAGO

Sería embarazoso e difícil, penso eu,
levalos a esa situación. ¡Malditos sexan
os ollos alleos que os vexan deitados!
Entón, ¿que? Entón, ¿como?
¿Que queredes que diga? ¿Coma estar seguro?
É imposible que vexades esa escena
aínda que sexan ardentes coma cabras, quentes
coma monos, saídos coma lobos en celo

ou torpes e groseiros coma a imbecilidade ebria.
Mais, digo eu, se a proba circunstancial sólida
que leva dereito ás portas da verdade
vos convence, podes tela.

OTELO

Dáme unha proba real da súa infidelidade.

IAGO

Non me agrada a tarefa.
Mais estou xa tan metido no caso,
aguiloado polo afecto e a necia lealdade,
que continuarei. Descansaba con Casio noutronte
e, afectado por unha dor de moas,
non podía durmir.
Hai homes indiscretos de espírito
que en sonos musitan os seus asuntos.
Casio é deses.

Oínlle dicir en sonos: "Querida Desdémoma,
sexamos cautos; ocultemos o noso amor".

E cólleme a man, retórcema e berra:

"Doce criatura". E logo bícame con forza,
como querendo arrincar de raíz
os bicos dos meus beizos; pon unha perna
sobre a miña coxa, suspira, bícame e berra:
"¡Maldito destino que te entregou ao Mouro!"

OTELO

¡Horrible! ¡Horrible!

IAGO

Non; só era un soño.

OTELO

Pero indica unha acción consumada.

IAGO

É un indicio funesto, aínda que sexa un soño.
E pode axudar a sustentar outras probas
que parecen febles.

OTELO

¡Esnaquizareina!

IAGO

Non; sede prudente. Aínda non vimos nada.
Quizais sexa honesta. Pero dicídemme:
¿non tedes visto na man da vosa esposa
un pano bordado de amorodos?

OTELO

Deille un así; foi o meu primeiro agasallo.

IAGO

Non o sabía. Pero cun pano así,
seguro que era o da vosa esposa,
vin hoxe a Casio limpar a barba.

OTELO

Se é o mesmo...

IAGO

Se é o mesmo ou calquera outro seu,
cúlpa xunto coas outras probas.

OTELO

¡Oxalá tivese ese canalla corenta mil vidas!
Unha é pouco, non é nada para a miña vinganza.
Agora vexo que é verdade. Mira, Iago, cun sopro
volatilízase o meu tolo amor. Voou.
¡Negra vinganza, érguete da profundidade do inferno!
¡Amor, cédelle a coroa e o trono do corazón
ao odio tiránico! ¡Ínchate, peito, co teu cargamento
de linguas de áspide!

IAGO

Acougade.

OTELO

¡Ah, sangue, sangue, sangue!

IAGO

Calmádevos. Podedes cambiar de idea.

OTELO

Xamais, Iago. Como o Ponto Euxino,
coa súa xélida corrente e irrefreable curso
que nunca devala e segue adiante
cara ao Prepóntido e ao Helesponto,
os meus crueis pensamentos, con paso violento,
non recuarán nin tornarán ao amor
mentres unha total e absoluta vinganza
non os devore.

Axeónllase.

Por ese ceo de mármore,
coa solemnidade dun sagrado xuramento,
empeño a miña palabra.

IAGO

Non vos ergades.

Axeónllase.

Refulxentes estrelas, sodes testemuñas.
E vós, elementos circundantes,
sodes testemuñas de que Iago consagra
a actividade da súa mente, mans e corazón
ao servizo do aldraxado Oteló. Que ordene
e obedecer será en min compaixón
por cruel que sexa a encomenda.

Érguense.

OTELO

Saúdo a túa amizade, non con gratitude van
senón con aceptación sincera
e neste mesmo intre póñoa a proba.
Dentro de tres días quero que me digas
que Casio non vive.

IAGO

O meu amigo está morto. Iso está feito,
xa que é o voso desexo. Pero deixade que ela viva.

OTELO

¡Que se condene esa pendanga! ¡Maldita! ¡Maldita!
Vamos, ven comigo. Quero atopar
un medio rápido de dar morte
a ese belo diaño. Agora es o meu lugartenente.

IAGO

O voso servidor sempre.

Saen.

ESCENA 4

Entran Desdémona, Emilia e o Bufón.

DESDÉMONA

Ti, ¿sabes onde para o tenente Casio?

BUFÓN

Eu diría que non para en ningures.

DESDÉMONA

¿Por que, home?

BUFÓN

Porque é un soldado, e dicirle a un soldado que pare é
perigoso.

DESDÉMONA

¡Déixate de andrómenas! ¿Onde se aloxa?

BUFÓN

Se vos digo onde se aloxa, paro eu.

DESDÉMONA

¿Como se entende iso?

BUFÓN

Non sei onde se aloxa e se me invento un paradiro e
digo que para aquí ou para acolá, eu paro pola gorxa.

DESDÉMONA

¿Podes inquirir por el e informarte devotamente?

BUFÓN

Darei catequese polo mundo; é dicir, farei preguntas e a cada pregunta, a súa resposta.

DESDÉMOMA

Búscalo e pídelle que veña. Dille que intercedín por el ante o meu esposo e que confío en que todo irá ben.

BUFÓN

Unha cousa así está ao alcance da intelixencia dun home; daquela, intentareino.

Sae.

DESDÉMOMA

¿Onde perdería o pano, Emilia?

EMILIA

Non o sei, señora.

DESDÉMOMA

Preferiría perder a miña bolsa chea de cruceiros². Se o meu Oteló non fose nobre de espírito e carente da ruindade do celoso, sería dabondo para facelo pensar mal.

EMILIA

¿Non é celoso?

DESDÉMOMA

¿Quen, el? Creo que o sol da súa terra natal lle quitou eses humores.

EMILIA

Mirade, velai vén.

Entra Oteló.

DESDÉMOMA

Agora non o deixarei ata que chame a Casio. ¿Como estás, esposo?

2. Moeda de orixe portuguesa que tiña unha cruz nunha das caras. (*N. do t.*)

OTELÓ

Ben, querida esposa. (*Á parte.*) ¡Que duro é disimular!
¿Como estás, Desdémoma?

DESDÉMOMA

Ben, meu amado señor.

OTELÓ

Dáme a man. Esta man está húmida.

DESDÉMOMA

Aínda non sentiu a idade e non coñece penas.

OTELÓ

Denota paixón e un corazón xeneroso.
Quente, quente e húmida. Esta mano require restrición de liberdade, xaxún e oración; moita penitencia, prácticas piadosas; pois hai aquí un demiño ardente que a miúdo se subleva. É unha man boa, unha man aberta.

DESDÉMOMA

Ben podes dicilo, pois esta man che entregou o meu corazón.

OTELÓ

Unha man xenerosa. Noutro os corazóns daban as mans. A nova heráldica ten mans, non corazóns.

DESDÉMOMA

Non entendo diso. Falemos da túa promesa.

OTELÓ

¿Que promesa, miña rula?

DESDÉMOMA

Mandei vir a Casio para que fale contigo.

OTELÓ

Collín un forte arrefriado.
Déixame o pano.

DESDÉMOMA

Toma.

OTELO

O que che regalei.

DESDÉMONA

Non o teño aquí.

OTELO

¿Non?

DESDÉMONA

Non, de verdade.

OTELO

¡Malo! Ese pano deullo
á miña nai unha exipcia. Era meiga
e case podía ler o pensamento.
Díxolle que mentres o tivese
sería desexada e sometería a meu pai
enteiramente ao seu amor; mais se o perdía
ou regalaba, volveríase odiosa aos ollos
de meu pai e os sentimentos del irían
á caza doutros amores. No leito de morte deumo
e pediume que llo dese a quen a sorte
me destinase como esposa. Así o fixen. Non o esquezas.
Ámao como aos teus propios ollos.
Perdelo ou regalalo significaría
unha desgraza incomparable.

DESDÉMONA

¿É posible?

OTELO

É a verdade. Hai maxia nesa tea.
Unha sibila que no mundo contou
duascentas voltas do sol, bordou o labor
no seu profético frenesí. Vermes
sagrados produciron a seda, e a tintura
procede de corazóns de virxes
momificadas por meigos.

DESDÉMONA

¿De verdade? ¿É iso certo?

OTELO

Totalmente; así que, cóidao ben.

DESDÉMONA

Entón, ¡oxalá non o tivese visto nunca!

OTELO

¿Eh? ¿Por que?

DESDÉMONA

¿Por que falas con esa violencia e brusquidade?

OTELO

¿Perdeuse? ¿Desapareceu? ¡Fala! ¿Extraviouse?

DESDÉMONA

¡Deus nos valla!

OTELO

¿Que tes que dicir?

DESDÉMONA

Que non se extraviou. Pero, ¿e se fose o caso?

OTELO

¿Como?

DESDÉMONA

Digo que non se extraviou.

OTELO

Vai buscalo. Quero velo.

DESDÉMONA

Si, pero non agora. É unha artimaña
para eludir o meu rogo.
Prégoche que Casio sexa rehabilitado.

OTELO

¡Vai polo pano! Empezo a sospeitar.

DESDÉMONA

¡Veña, veña!
Non hai home máis capacitado.

OTELO

¡O pano!

DESDÉMONA

Prégocho, fala de Casio.

OTELO

¡O pano!

DESDÉMONA

Un home que sempre
uniu a súa sorte á túa amizade,
que compartiu contigo os perigos...

OTELO

¡O pano!

DESDÉMONA

Non es razoable.

OTELO

¡Cristo bendito!

Sae.

EMILIA

¿Non é celoso?

DESDÉMONA

Xamais o vira así.
Ten que haber algo especial nese pano.
Estou trastornada pola perda.

EMILIA

Un ano ou dous non revelan a un home.
Todos son estómagos e todas nós, comida.
Cómennos con voracidade e cando están fartos,
vomítannos.

Entran Iago e Casio.

Mirade, Casio e o meu home.

IAGO

Non hai outro remedio. Debe facelo ela.
¡Mirade que sorte! Ide suplicarlle.

DESDÉMONA

¿Que hai, Casio? ¿Que novas tes?

CASIO

A mesma petición, señora. Prégovos
que pola vosa bondadosa mediación volva eu
existir e ser partícipe do afecto

daquel a quen en corpo e alma
honro sen reserva. Non pode demorarse máis.
Se a miña ofensa é de tal gravidade
que nin os servizos prestados, as penas presentes
ou os posibles merecementos futuros
poden rescatarme para o seu afecto,
sabelo debe ser o meu beneficio.
Revestireime entón de finxida conformidade
e resignareime a outra carreira
a mercé da sorte.

DESDÉMONA

¡Ai, meu moi nobre Casio!
A miña intercesión é inoportuna agora.
O meu esposo non é o meu esposo. Non o coñecería
se estivese tan cambiado de rostro como de ánimo.
Xuro por todos os santos que fixen o imposible
por ti, converténdome en branco da súa ira
pola miña franqueza. Debes ter paciencia.
Farei o que poida; máis do que me atrevo
a facer por min mesma. Confórmate con isto.

IAGO

¿Está encolerizado o meu señor?

EMILIA

Foise agora mesmo
e certamente moi encolerizado.

IAGO

¿Pode encolerizarse? Vino
cando o canón facía saltar polos aire os seus batallóns
e, coma o mesmo demo, arrincaba a seu irmán
do seu lado. ¿E está encolerizado?
Algo importante ten que haber. Vou buscalo.
Asunto grave, sen dúbida, se está encolerizado.

DESDÉMONA

Prégoche que vaías.

Sae Iago.

Seguro que enturbou o seu limpo espírito algún asunto de estado, ben de Venecia ou ben algunha conxura frustrada, descuberta aquí en Chipre. Nestes casos os homes, preocupados por cuestións importantes, discuten por miudezas. Sempre é así. Dóenos un dedo e parece que a dor se propaga polos membros sans. Non, non pensemos que os homes son deuses nin esperemos deles as tenras atencións do día da voda. ¡Moi tarabela son, Emilia! Eu, torpe guerreira, acusábao na miña alma de ruindade mais agora vexo que subornara a testemuña e que o acusaba inxustamente.

EMILIA

Ogallá sexa asunto de estado, como dices, e non imaxinacións ou antollos de celos que vos afecten.

DESDÉMONA

¡Malia o día! Xamais lle dei motivo.

EMILIA

Iso ao celoso non lle basta. O celoso non precisa motivos. Ten celos porque é celoso. Os celos son un monstro xerado e nacido de si mesmo.

DESDÉMONA

Deus garde dese monstro a alma de Otelo.

EMILIA

Amén, señora.

DESDÉMONA

Vou buscalo. Casio, queda por aquí. Se o vexo en boa disposición, presentarei a túa solicitude e farei todo o posible por gañar.

CASIO

Douvos as grazas humildemente.

Saen Desdémona e Emilia.

Entra Bianca.

BIANCA

Deus te garde, amigo Casio.

CASIO

¿Que fas fóra da casa?

¿Como estás, fermosa Bianca?

De veras, meu amor, que ía á túa casa.

BIANCA

E eu ao teu aloxamento, Casio.

¡Unha semana desaparecido! ¡Sete días e sete noites!

¡Cento sesenta e oito horas! E as horas de ausencia do amado son cento sesenta veces máis aburridas

cás do reloxo. ¡Que longa se fai a espera!

CASIO

Perdóame, Bianca. Todo este tempo estiven oprimido por fondas preocupacións.

Saldarei coa continuidade a conta da miña ausencia. Querida Bianca, faime unha copia deste labor.

Dálle o pano.

BIANCA

Ah, Casio, ¿de onde sae isto?

Algún agasallo dunha nova amiga.

Agora entendo a razón da ausencia.

¿Nesas estamos? ¡Vaia, vaia!

CASIO

¡Vai de aí, muller! Devolve

as túas ruíns sospeitas á boca do demo,

que de aí proceden. Tes celos

porque pensas que é o recordo dunha amante.

Non, Bianca, xúroche que non.

BIANCA

Ben, ¿de quen é?

CASIO

Non o sei. Atopeino no meu cuarto.
Gústame moito o labor. Antes de que alguén o reclame,
cousa máis que probable, quixera ter unha copia.
Toma, faina ti; e, agora, déixame.

BIANCA

¿Que te deixe? ¿Por que?

CASIO

Agardo ao xeneral
e non é adecuado, nin o desexo,
que me vexa cunha muller.

BIANCA

¿E por que non?

CASIO

Non porque non te queira.

BIANCA

É porque non me queres.
Por favor, acompañame un anaco
e dime se vas vir ao luscofusco.

CASIO

Só podo acompañarte un treito,
pois debo quedar aquí; pero logo te vexo.

BIANCA

Está ben, terei que conformarme.

Saen.

ACTO IV

ESCENA 1

Entran Otelo e Iago.

IAGO

¿Iso pensades?

OTELO

¿De que, Iago?

IAGO

¡Vaítes!, de bicarse na intimidade.

OTELO

¡Un bico ilícito!

IAGO

Ou estar núa no leito co seu amigo
unha hora ou máis, sen malas intencións.

OTELO

¿Núa no leito, Iago, e sen malas intencións?
Iso é hipocrisía co demo.
Aos que teñen boas intencións e fan esas cousas,
o demo téntalles a virtude
e eles tentan ao ceo.

IAGO

Se non fan nada, é unha falta venial.
Mais se lle dou un pano á miña muller...

OTELO

¿Que?

IAGO

Pois que é seu, señor; e se é seu,
pode regalarllo a outro home.

OTELO

Tamén é dona da súa honra.
¿Pode entregala?

IAGO

A honra é unha esencia invisible.
A miúdo consérvana as que xa non a teñen.
Mais un pano...

OTELO

¡Polo ceo que preferiría esquecelo!
Dixeches (e acode á miña memoria
coma corvo á casaapestada, mal agoiro)
que el tiña o meu pano.

IAGO

Si, ¿e que?

OTELO

Pois que non está ben.

IAGO

¿E se dixese que o vin aldraxándovos?
Ou que lle oín dicir, coma eses canallas
que, por libre antollo da dama
despois de convencelas e satisfacelas,
non poden evitar contalo...

OTELO

¿Dixo algo?

IAGO

Dixo, señor. Pero podedes estar seguro
que non máis do que negará baixo xuramento.

OTELO

¿Que foi o que dixo?

IAGO

Pois que fixo... que fixo non sei que.

OTELO

¿Que? ¿Que?

IAGO

Deitarse...

OTELO

¿Con ela?

IAGO

Deitouse, ou difamouna; tanto ten.

OTELO

¿Deitouse? ¿Difamouna? Iso é aldraxala. ¿Deitarse con ela?
¡Santo ceo, que noxo! ¡Pano... confesión... pano! ¡Que confese
e o aforquen pola súa acción! ¡Que o colguen primeiro e logo
que confese! ¡Tremo só de pensalo! A miña natureza non caería
nunha paixón tan sombría sen algún fundamento. Non son as
palabras o que me altera deste xeito. ¡Puf! ¡Narices, orellas,
beizos! ¿É posible? ¿Confesión? ¿Pano? ¡O diaño!

Cae inconsciente.

IAGO

¡Actúa, veneno, actúa! Así se pilla aos crédulos.
Así moitas damas dignas e castas,
sendo inocentes, perden a honra. ¡Ei, señor!
¡Veña, señor! ¡Otelo!

Entra Casio.

¡Ola, Casio!

CASIO

¿Que pasa?

IAGO

O xefe sofre un ataque de epilepsia.
Este é o segundo; onte tivo outro.

CASIO

Refrégalle as tempas.

IAGO

Non, deixádeo. A inconsciencia debe
seguir o seu curso paseniño. Se non, bota escuma
pola boca e ponse coma un tolo.

Mirade, xa rebole. Retirádevos un momento.
Deseguida se repón. Cando se vaia
quero falarvos dun asunto importante.

Sae Casio.

¿Que hai, xeneral? ¿Feristesvos na cabeza?

OTELO

¿Búrlaste de min?

IAGO

Non me burlo de vós. Quixera
que soportarades a vosa sorte coma un home.

OTELO

Un cornudo é un monstro e unha besta.

IAGO

Daquela hai moitas bestas nunha cidade populosa
e moitos monstros civilizados.

OTELO

¿Confesou?

IAGO

Meu señor, sede home.
Pensade que todo barbudo xunguido
pode tirar do mesmo carro. Son millóns
os que cada noite dormen en leitos compartidos
pensando que son exclusivos. O voso caso é mellor.
¡Escarnio do inferno, suprema burla do díaño
bicar unha libertina no leito insondable
e supoñela honrada! Non, eu quero saber.
E sabendo o que eu son, sei o que será dela.

OTELO

¿Que astuto es! É certo.

IAGO

Retirádevos un momento.
Non pasedes a barreira da serenidade.
Mentres estabades abatido pola dor,
debilidade impropia dun home coma vós,
apareceu Casio. Libreime del.

Púxenlle como escusa o voso esvaecemento.
Díxenlle que volvese logo para falarmos
e prometeu vir. Agochádevos e asexade
os sorrisos, burlas e xestos de desprezo
que pululan na superficie da súa face.
Farei que me conte outra vez onde,
como, cando, cantas veces, desde cando
copula e vai copular coa vosa esposa.
Fixádevos nos seus xestos. Calma, recoiro,
ou direi que sodes todo furia
e nada tedes de home.

OTELO

Escóitame ben, Iago.
Serei astuto no sosego
pero tamén, ¿oes?, cruel.

IAGO

Moi ben. Mais cada cousa
ao seu tempo. ¿Queredes retirarvos?

Otelo ocúltase.

Agora preguntareille a Casio por Bianca,
unha muller que, vendendo os seus favores,
págase o pan e a roupa. Unha criatura
que tolea por Casio, pois é a maldición das putas
enganar a moitos e ser enganada por un.
Cando lle falan dela, escacha
coa risa. Velaí vén.

Entra Casio.

Cando sorría, Otelo porase furioso
e os seus celos ignorantes terxiversarán
os sorrisos, maneiras e ledto comportamento
do pobre. Casio. ¿Como estades, tenente?

CASIO

Moito peor se me dás o título
que por non o ter me mata.

IAGO

Insistídlle a Desdémona e será voso.
Se de Bianca dependese o favor,
¡axiña tirariades proveito!

CASIO

¡Coitada!

OTELO

¡Xa está a rir!

IAGO

Nunca vin muller máis namorada.

CASIO

¡Pobriña! Creo que me quere, abofé.

OTELO

Négao debilmente e ri.

IAGO

¿Sabedes unha cousa, Casio?

OTELO

Agora fai que lle conte todo.
Veña, moi ben, veña.

IAGO

Anda a dicir que ides casar con ela.
¿Esa intención tedes?

CASIO

¡Ha, ha, ha!

OTELO

¡Triúnfas, romano, triúnfas!

CASIO

¿Casar eu? ¿Cunha putifaina? Veña, ten un pouco de caridade co meu xuízo. Non o consideres tan estragado. ¡Ha, ha, ha!

OTELO

Si, xa, xa. Rin os que gañan.

IAGO

Pois corre o rumor de que casades.

CASIO

Veña, fala en serio.

IAGO

Se non é certo, son un canalla.

OTELO

Xa estou sentenciado. Ben.

CASIO

Son contos desa mona. Está convencida de que vou casar con ela, pero é cousa do seu amor e vaidade e non das miñas promesas.

OTELO

Iago faime acenos. Agora empeza a historia.

CASIO

Estivo aquí hai un pouco. Perségume por todas as partes. O outro día estaba eu na beiramar falando cuns venecianos cando se presenta esa tola e me colle así polo pescozo...

OTELO

Berrando "Oh, querido Casio", coma quen di. Os seus ademáns son ben elocuentes.

CASIO

Cóllese de min, apértame, chora e a tirar de min. ¡Ha, ha, ha!

OTELO

E agora conta como a meteu no meu cuarto. Véxoche o nariz, pero non o can ao que llo vou guindar.

CASIO

Terei que deixala.

IAGO

¡Érache boa! ¡Velaí vén!

Entra Bianca.

CASIO

¡A tal raposa! ¡E perfumada, rediola!— ¿Por que me perseguides deste xeito?

BIANCA

¡Que te persiga o demo e a súa nai! ¿Que pretendías con ese pano que me deches hai un anaco? Ben parva fun por collelo. ¿Que copie o labor? ¡Ti si que fías fino! ¿Que o atopaches no teu cuarto e que non sabes quen o deixou alí! ¿O agasallo dunha churriana e teño que copiar eu o labor? ¡Vai de aí!

Velaquí o tes. Dállo á túa putifaina. Tanto me ten de onde o sacaches. Eu non cho copio.

CASIO

Pero, ¿que ocorre, querida Bianca? ¿Que pasa? ¿Que che pasa?

OTELO

¡Santo ceo! ¡Ese debe ser o meu pano!

BIANCA

Se queres vir cear esta noite, ven. Se non, volve por onde viñeches.

Sae.

IAGO

¡Seguídea! ¡Seguídea!

CASIO

Si; que, se non, vai alborotar a rúa.

IAGO

¿Ides cear con ela?

CASIO

Si, penso ir.

IAGO

Ben, quizais vos vexa logo porque teño moito interese en falar con vós.

CASIO

Si, ven, por favor. ¿Virás?

IAGO

Correde. Non vos entreteñades máis.

Sae Casio.

OTELO

Adiantándose.

¿Como o mato, Iago?

IAGO

¿Ouvistes como ría da súa infamia?

OTELO

¡Oh, Iago!

IAGO

¿E vistes o pano?

OTELO

¿Era o meu?

IAGO

O voso, xúrovoló. ¡E hai que ver como aprecia á vosa esposa! Ela dálle o pano e vai el e regálallo á súa puta.

OTELO

Quixera estar nove anos matándoo. ¡Unha muller tan fermosa, tan boa, tan doce!

IAGO

Non. Iso tedes que esquecelo.

OTELO

Si, que podreza, que morra, que se condene esta mesma noite pois non ha vivir. Non, o meu corazón volveuse de pedra: doulle golpes e dóeme a man. ¡Ah, non hai no mundo criatura máis doce! ¡Podería deitarse a carón dun emperador e darlle ordes!

IAGO

Non, non é iso o que vos convén.

OTELO

¡Que a aforquen! Eu só digo a verdade. ¡Delicada coa agulla! ¡Admirable na música! Co seu canto calmaría a fereza dun oso. ¡Chea de enxeño e de imaxinación!

IAGO

Pois máis culpable aínda.

OTELO

¡Milleiros, milleiros de veces! E ao mesmo tempo, tan xentil.

IAGO

Si, demasiada xentileza.

OTELO

Certo. E non obstante, ¡que pena, Iago! ¡Oh, Iago, que pena, Iago!

IAGO

Se tanto vos engaiola a súa perfidia, dádlle licenza para pecar; se a vós non vos afecta, a ninguén lle importa.

OTELO

¡Vou esnaquizala! ¡Traizoarme!

IAGO

¡Unha vergoña!

OTELO

¡Co meu oficial!

IAGO

¡Máis vergoñoso aínda!

OTELO

Procúrame un veneno esta noite, Iago. Non quero discutir con ela, non vaia ser que o seu corpo e fermosura debiliten a miña vontade. ¡Esta noite, Iago!

IAGO

Non o fagades con veneno. Esganádea no seu leito, nese mesmo leito que ela deshonrou.

OTELO

Ben, ben. Merecida xustiza. Moi ben.

IAGO

En canto a Casio, deixade que eu me encargue del. Teredes novas antes da media noite.

OTELO

¡Magnífico!

Son de trompeta.

¿Que significa ese toque de trompeta?

IAGO

Seguro que son novas de Venecia.

Entran Ludovico, Desdémona e séquito.

É Ludovico, de parte do Dux. Mirade, a vosa esposa vén con el.

LUDOVICO

¡Deus vos garde, nobre xeneral!

OTELO

E a vós, de todo corazón.

LUDOVICO

Saúdos do Dux e dos senadores de Venecia.

Dálle unha carta.

OTELO

Bico o instrumento das súas ordes.

Le a carta.

DESDÉMONA

¿Que novas traedes, querido parente Ludovico?

IAGO

Alégrome de vos ver, *signor*.

Benvido a Chipre.

LUDOVICO

Moitas grazas. ¿Como está o tenente Casio?

IAGO

Vive, señor.

DESDÉMONA

Primo, entre el e o meu esposo xurdiu unha insólita desavinza. Pero vós remediarédelo.

OTELO

¿Estás segura?

DESDÉMONA

¿Meu señor?

OTELO

“Non deixedes de facelo, pois como veredes...”

LUDOVICO

Non vos falaba. Está concentrado na lectura.

¿Entre o xeneral e Casio hai distanciamento?

DESDÉMONA

Si, moi lamentable. Faría calquera cousa para reconciliarlos, polo afecto que lle teño a Casio.

OTELO

¡Lume e xofre!

DESDÉMONA

¿Meu señor?

OTELO

¿Estás no teu xuízo?

DESDÉMONA

¿Está irritado?

LUDOVICO

Quizais a carta o altera,
pois creo que lle ordenan que regrese
e delegue en Casio o goberno.

DESDÉMONA

Alégrome moito.

OTELO

¿De verdade?

DESDÉMONA

¿Meu señor?

OTELO

Eu alégrome de ver que estás tola.

DESDÉMONA

¿Pero, querido Otelo...?

OTELO

¡Demo!

Dálle unha labazada.

DESDÉMONA

Non merezo isto.

LUDOVICO

Señor, isto ninguén o crería en Venecia
aínda que xurase que o vin. É intolerable.
Desagraviádea; está chorando.

OTELO

¡Demo, demo! Se a terra
fecundase con choros de muller,
de cada bágoa nacería un crocodilo.
¡Fóra da miña vista!

DESDÉMONA

Voume, se te ofendo.

Vaise.

LUDOVICO

Unha esposa obediente, abofé.
Señor, prégovos que a chamedes.

OTELO

¡Muller!

DESDÉMONA

¿Meu señor?

OTELO

¿Para que a queredes, cabaleiro?

LUDOVICO

¿Quen? ¿Eu, señor?

OTELO

Si. Queriades que a fixese volver.
Sabe volver, e volver, e seguir,
e dar a volta; e sabe chorar, señor, chorar.
É obediente; como diciades, obediente,
moi obediente.— Ti sigue chorando.—
Respecto disto, señor... ¡que pena ben finxida!,
ordénanme regresar.— ¡Fóra de aquí!
Xa te chamarei.— Señor, obedezo
a orde e volvo a Venecia.— ¡Fóra!

Desdémona sae.

Casio ocupará o meu posto. Señor, prégovos
que ceemos xuntos esta noite.
Benvido a Chipre.— ¡Monos e carneiros!

Sae.

LUDOVICO

¿É este o nobre Mouro a quen o noso senado
consideraba tan capacitado? ¿É este o home
a que non axitan as paixóns? ¿De sólida virtude,
immune ás balas da fortuna
e o. dardos do azar?

IAGO

Cambiou moito.

LUDOVICO

¿Rexe? ¿Non está tolo?

IAGO

É o que é. Non debo pronunciarme sobre o que pode ser. Se o que podería ser non é, ¡oxalá o fose!

LUDOVICO

¡Baterlle á súa esposa!

IAGO

Iso non estivo ben. Pero oxalá ese golpe fose o peor.

LUDOVICO

¿É o seu costume? ¿Ou foi a carta o que excitou a súa ira e provocou a arroutada?

IAGO

¡Ai de min! Non sería honrado se falase do que vin e ouvín. Observádeo e o seu comportamento volo mostrará de tal xeito que podo aforrar as palabras. Ide con el e fixádevos en como actúa.

LUDOVICO

Lamento a decepción.

Saen.

ESCENA 2

Entran Otelo e Emilia.

OTELO

¿Entón non oíches nada?

EMILIA

Nin ouvín nin sospeitei nada.

OTELO

Si, víchelos xuntos, a Casio e a ela.

EMILIA

Pero non vin nada malo, e ouvín cada sílaba que pronunciaron.

OTELO

¿Como? ¿Nunca falaban en voz baixa?

EMILIA

Nunca, señor.

OTELO

¿Nin te mandou ir a ningures?

EMILIA

Nunca.

OTELO

¿Nin ir por un abano, as luvas, o anteface, nin nada?

EMILIA

Nunca, señor.

OTELO

É raro.

EMILIA

Señor, atévome a xurar que é fiel; apostaría a alma. Se pensades outra cousa, desbotade esa idea: envelénavos o corazón. Se algún malvado vos meteu iso na cabeza, ¡castígueo Deus coa maldición da serpe! Se non é honrada, pura e fiel, non hai home feliz. A esposa máis fiel é ruín como a calumnia.

OTELO

Dille que veña. Vai.

Sae Emilia.

É convincente. Pero é mala alcaiota a que non sabe convencer. ¡Ela é unha puta lista, cofre e chave de ruíns segredos! E axeónllase e reza. Téñoa visto.

Entran Desdémona e Emilia.

DESDÉMONA

Señor, ¿que desexas?

OTELO

Por favor, miña rula, ven aquí.

DESDÉMONA

¿Que queres?

OTELO

Déixame verche os ollos.

Mírame á cara.

DESDÉMONA

¿Que horrible antollo é ese?

OTELO

A Emilia.

Ti ao teu papel, muller. Deixa

sós aos que van procrear e pecha a porta.

Tuse ou rasca a gorxa se vén alguén.

¡Ao teu oficio, ao teu oficio! ¡Veña, de présa!

Sae Emilia.

DESDÉMONA

De xeonllos cho pido. ¿Que significa o que dis?

Entendo a furia nas túas palabras, pero as palabras non.

OTELO

¿Quen es ti?

DESDÉMONA

A túa esposa, señor. A túa esposa fiel e leal.

OTELO

Veña, xúrao e condénate. Se cadra,

por seres tan anxelical, os mesmos demos

non se atreven a collerte. Condénate dobremente:

xura que es fiel.

DESDÉMONA

O ceo sabe a verdade.

OTELO

O ceo sabe de certo que es infiel coma o inferno.

DESDÉMONA

¿A quen? ¿Con quen? ¿Por que son infiel?

OTELO

¡Ah, Desdémona! ¡Fóra, fóra, fóra!

DESDÉMONA

¡Que desgraza! ¿Por que choras?

¿Son eu a causa desas bágoas, meu señor?

Se acaso sospeitas que meu pai

é o instigador desa orde de regreso

non me botes a culpa. Se ti o perdistes,

eu tamén o perdín.

OTELO

Aínda que o ceo me puxese a proba

con padecementos, vertese sobre a miña cabeza núa

milleiros de pestes e vergonzas,

me afundise na miseria ata as orellas

e me privase de esperanzas e liberdade,

nalgún recuncho da miña alma atoparía

unha pinga de paciencia. Pero, ¡ai, converterme

no número fixo que a hora do desprezo

sinala coa súa agulla de imperceptible movemento!

Mesmo iso soportaría; e ben, moi ben.

Mais dese lugar onde depositei o meu corazón,

onde debo vivir ou renunciar á vida,

da fonte da que mana a miña corrente

ou seca, ¡quedar afastado ou conservalo

como unha poza na que sapos inmundos

refocilan e xeran! ¡Palidece, paciencia,

inxel querubín de beizos rosados!

¡Si, móstrate cruel coma o inferno!

DESDÉMONA

Supoño que o meu nobre señor

me considera honesta.

OTELO

¡Oh, si! Como moscas de verán no matadoiro,
que nacen no mesmo fornicio. ¡Ah, flor silvestre
de tal fermosura e arrecendo
que feres os sentidos!
¡Oxalá non houbeses nacido!

DESDÉMONA

¡Ai! ¿Que pecado sen sabelo cometín?

OTELO

¿Fíxose este branco papel, este fermoso libro
para escribir nel “puta”? ¿Que cometiches?
¿Cometiches? ¡Oh, rameira! Se falase
dos teus actos, as miñas palabras serían forxas
que converterían o pudor en cinzas.
¿Que cometiches? Alcatrea no ceo,
cega os ollos da lúa, o lascivo vento
que bica canto atopa, enmudece
na cova profunda da terra
e non quere oílo. ¿Que cometiches?
¡Impúdica rameira!

DESDÉMONA

¡Ceos! ¡Aldrásasme!

OTELO

¿Acaso non es unha rameira?

DESDÉMONA

Non, son cristiá. Se preservar
este corpo para o meu esposo
libre de contacto ilícito e impuro
é non ser rameira, non o son.

OTELO

¿Que non es unha puta?

DESDÉMONA

Non, pola miña salvación.

OTELO

¿É posible?

DESDÉMONA

¡Ah, que Deus nos perdoe!

OTELO

Pídoche perdón, entón. Tomeite
pola raposeira puta de Venecia
que casou con Otelo.— ¡Ti, muller,
de oficio contrario ao de San Pedro,
que gardas as portas do inferno! ¡Ti, ti, ti!

Entra Emilia.

Xa rematamos o choio. Estas moedas polo servizo.
Bota a chave e garda o segredo.

Sae.

EMILIA

¡Ai! ¿Que se imaxina ese home?
¿Como estades? ¿Como estades, querida señora?

DESDÉMONA

Atordada.

EMILIA

Señora, ¿que lle pasa ao meu señor?

DESDÉMONA

¿A quen?

EMILIA

Ao meu señor.

DESDÉMONA

¿Quen é o teu señor?

EMILIA

O voso, querida señora.

DESDÉMONA

Xa non o teño. Cala, Emilia.

Non podo chorar nin dar outra resposta
que non sexan bágoas. Pon esta noite
no meu leito as sabas nupciais. Non o esquezas.
E dille ao teu marido que veña.

EMILIA

¡Vaia cambio!

Sae.

DESDÉMONA

¡Teño ben merecido que se me trate así, ben merecido!
¿Que fixen eu para que teña a mínima sospeita
da miña máis leve falta?

Entran Iago e Emilia.

IAGO

¿Que desexades, señora? ¿Estades ben?

DESDÉMONA

Non o sei. Os que educan os nenos
fano con bondade e suavidade.
Puido reprenderme así, pois de veras
que non estou afeita a reprimendas.

IAGO

¿Que ocorre, señora?

EMILIA

¡Ai, Iago! O señor tratouna de puta,
cubriuna de insultos e aldraxes
que un corazón nobre non pode soportar.

DESDÉMONA

¿Merezo ese nome, Iago?

IAGO

¿Que nome, señora?

DESDÉMONA

O que di que o meu esposo me chamou.

EMILIA

Chamouna puta. Un mendigo bébedo
non aldraxaría así á súa churriana.

IAGO

¿E por que o fixo?

DESDÉMONA

Non o sei. Só sei o que eu non son.

IAGO

Non choredes, non choredes. ¡Maldición!

EMILIA

¿Renunciou a tan nobres pretendentes,
a seu pai, á súa terra e aos seus amigos
para que a chamen puta? ¿Non é para chorar?

DESDÉMONA

É a miña desventurada sorte.

IAGO

¡Maldito sexa!
¿Como lle deu por aí?

DESDÉMONA

¡Sabe Deus!

EMILIA

Que me aforquen se algún consumado canalla,
algún infame e enredante, algún moinante
falsario e lerchán non inventou esta calumnia
para medrar. ¡Que me aforquen!

IAGO

Ca, non hai un home así. É imposible.

DESDÉMONA

Se o hai, que Deus o perdoe.

EMILIA

¡Que o perdoe a forza e o inferno lle roa os ósos!
¿Por que lle chamou puta? ¿Con quen anda?
¿Onde? ¿Cando? ¿Como? ¿Que probas hai?
Algún infame malvado enganou ao Mouro,
algún miserable canalla, algún tipo desprezable.
¡Ogallá o ceo descubra a eses ruíns
e poña un látego en cada man honrada
para que os azouten polo mundo adiante
de leste a oeste!

IAGO

Fala máis baixo.

EMILIA

¡Malditos sexan! Algún fulano deses
foi o que che volveu do revés o xuízo
e che fixo sospeitar de min co Mouro.

IAGO

Ti es parva. ¡Vai de aí!

DESDÉMONA

¡Ai, Iago! ¿Que podo facer
para recuperar o meu esposo?
Vai onda el, bo amigo, pois, pola luz do ceo,
non sei como o perdín. De xeonllos digo:
se algunha vez pequei contra o seu amor,
de obra ou pensamento;
se os meus ollos, oídos ou demais sentidos
se deleitaron con outro corpo;
se xa non o amo como sempre amei
e sempre amarei, aínda que me rexeite
deixándome na miseria, ¡que o sosego
me abandone! Moito pode a crueldade,
e a súa crueza pode destruír a miña vida, mais
nunca debilitar o meu amor. Non podo dicir
“puta”. Pronunciar a palabra dáme noxo.
Nin por todas as vaidades do mundo
cometería un acto que xustificase ese nome.

IAGO

Prégovos que acouguedes. É o malhumor.
Está preocupado polos asuntos de goberno
e por iso repréndevos.

DESDÉMONA

Se só fose iso...

IAGO

Só é iso, asegúrovolos.

Son de trompeta.

Escoitade: as trompetas anuncian a cea.
Os embaixadores de Venecia agardan para cear.

Entrade e non choredes. Todo irá ben.

Saen Desdémona e Emilia.

Entra Rodrigo.

¿Que hai, Rodrigo?

RODRIGO

Vexo que non xogas limpo comigo.

IAGO

¿Por que o dis?

RODRIGO

Cada día me vés cunha nova desculpa, Iago, e máis ben,
teño a impresión, privásmeme de oportunidades en vez de pro-
porcionarme a menor posibilidade de esperanza. Non vou so-
portalo máis tempo nin estou disposto a aturar en silencio o
que xa sufrín coma un parvo.

IAGO

¿Queres oírme, Rodrigo?

RODRIGO

Xa oín demasiado, pois as túas palabras e os teus actos non
cadran.

IAGO

Acúsasme inxustamente.

RODRIGO

Con nada máis que a verdade. Esgotei os meus recursos. As
xoias que che dei para que llas entregases a Desdémona chega-
rían para medio corromper unha monxa. Dixéchesme que as
recibira e que me correspondía con promesas de inmediato
favor e intimidade, pero non vexo nada.

IAGO

Moi ben, vai foder. Moi ben.

RODRIGO

¿Moi ben? ¿Que vaia foder? Non podo ir foder nin está moi
ben. Non, creo que isto é unha vileza e empezo a sentirme esta-
fado.

IAGO

Moi ben.

RODRIGO

Dígoche que non está moi ben. Vou presentarme a Desdémona. Se me devolve as xoias, renuncio á miña pretensión e escúsome polo galanteo ilícito. Se non, podes estar seguro de que esixirei unha reparación.

IAGO

¿Acabaches?

RODRIGO

Si, e non dixen nada que non estea disposto a facer.

IAGO

¡Vaites, vaites! Agora vexo que tes valor e desde este mesmo instante teño mellor opinión de ti. Choca eses cinco, Rodrigo. Fasme unha obxección moi xusta, pero asegúroche que actuei de maneira totalmente limpa no teu asunto.

RODRIGO

Pois non o parece.

IAGO

Recoñezo, por suposto, que non o parece e á túa sospeita non lle falta perspicacia e sensatez. Pero, Rodrigo, se de verdade tes o que agora teño máis razóns para crer que tes, é dicir, decisión, coraxe e ousadía, demóstrao esta noite. Se á noite non gozas a Desdémona, bótame deste mundo a traizón e atenta contra a miña vida.

RODRIGO

Ben, ¿de que se trata? ¿É razoable e factible?

IAGO

Hai unha orde especial chegada de Venecia nomeando a Casio para o posto de Otelo.

RODRIGO

¿De veras? Entón Otelo e Desdémona volven a Venecia.

IAGO

¡Ah, non! El vai a Mauritania e leva consigo á fermosa Desdémona, a non ser que algún accidente alongue a súa estancia. E para iso non hai método máis expeditivo que quitar a Casio do medio.

RODRIGO

¿Que quere dicir quitalo do medio?

IAGO

Rediola, incapacitalo para o posto de Otelo..., esnaquizarlle os miolos.

RODRIGO

¿É queres que o faga eu?

IAGO

Si, se te atreves a tirar proveito e a exercer un dereito. El cea esta noite cunha pendanga e eu irei xunto del. Aínda non sabe nada do seu honroso ascenso. Se asexas a súa saída, que eu farei que sexa entre as doce e a unha, podes pillalo con facilidade. Eu estarei cerca para apoiar o teu ataque e abaterémolo entre os dous. Veña, non quedas aí aloulado, ven comigo. Convencereite da necesidade da súa morte e ti mesmo sentiraste na obriga de lla dar. Xa é a hora da cea e a noite logo se vai. ¡Adiante!

RODRIGO

Para iso quero oír máis razóns.

IAGO

Quedarás satisfeito.

Saen.

ESCENA 3

Entran Otelo, Ludovico, Desdémona e acompañantes.

LUDOVICO

Prégovolo, señor, non vos molestedes máis.

OTELO

Permitídeme. Virame ben camiñar.

LUDOVICO

Señora, boas noites. Doulle humildemente as grazas á Vosa Señoría.

DESDÉMONA

Sempre sodes benvido, honorable señor.

OTELO

¿Imos, señor? Ah, Desdémona...

DESDÉMONA

¿Señor?

OTELO

Vaite deitar xa. Eu axiña volvo. Manda marchar á túa doncela. Fai o que che digo.

DESDÉMONA

Moi ben, señor.

Saen Otelo, Ludovico e acompañantes.

EMILIA

¿Como vai todo agora? Parece máis amable ca antes.

DESDÉMONA

Di que volve pronto.

Mandoume ir deitar e díxome que te foses.

EMILIA

¿Que me fose?

DESDÉMONA

Son as súas ordes. Polo tanto, boa Emilia, tráeme a roupa de durmir e adeus. Non debemos contrarrialo.

EMILIA

¡Ogallá non o houbédeses visto nunca!

DESDÉMONA

Non é ese o meu desexo. Ámoo tanto que incluso a súa teimosía, reprimendas e crueza... por favor, sóltame iso³... teñen graza e encanto.

3. Emilia está axudando a Desdémona a desvestirse. (N. do t.)

EMILIA

Puxen no leito as sabas que me dixestes.

DESDÉMONA

Dá o mesmo. ¡Deus, que parvadas pensamos! Se morro antes ca ti, amortállame cunha desas sabas.

EMILIA

¡Veña, veña! ¡Que cousas dicides!

DESDÉMONA

Miña nai tiña unha doncela chamada Bárbara. Estaba namorada dun tarambaina que a deixou. Sabía a canción do "Salgueiro", unha vella canción que contaba o seu destino e morreu cantándoa. Esta noite non se me vai da imaxinación. Non podoo conter o desexo de inclinar a cabeza e cantala, como facía a pobre Bárbara. Dáte présa, bule.

EMILIA

¿Vou polo camión?

DESDÉMONA

Non, sóltame aquí. Ese Ludovico é aposto.

EMILIA

Si, moi guapo.

DESDÉMONA

E fala ben.

EMILIA

Sei dunha dama de Venecia que iría descalza a Palestina por tocarlle o labio inferior.

DESDÉMONA

Canta.

Ao pé dun sicómoro choraba a pobriña,
chora, salgueiro, chora verde salgueiro,
o corpo encolleito, a alma afundida,
chora, salgueiro, chora.

A fresca corrente a súa dor levaba,
Chora, salgueiro, chora,
as bágoas as pedras abrandaban.
Pon iso aí.

Chora, salgueiro, chora.
Dáte présa, que logo vén.
De verde salgueiro a miña coroa será,
non é culpable, xa lle perdoei.
Non, non é así. ¿Oes? ¿Quen peta na porta?

EMILIA

É o vento.

DESDÉMONA

Canta.

Chameino traidor e el respondeu,
chora, salgueiro, chora,
tantos homes ti, tantas mulleres eu.
Vaite. Boas noites. Próenme os ollos.
¿Presaxian bágoas?

EMILIA

Non tal, nada diso.

DESDÉMONA

Oírao dicir. ¡Ah, estes homes, estes homes!
Dime Emilia, ¿ti cres en conciencia
que hai mulleres que enganan ao marido
con tal baixeza?

EMILIA

Habelas, hainas.

DESDÉMONA

¿Fariás unha cousa así se che desen o mundo?

EMILIA

¿Non o fariades vós?

DESDÉMONA

Non, por esta luz do ceo.

EMILIA

Tampouco eu á luz do ceo.

Pero na escuridade, si.

DESDÉMONA

¿Fariás unha cousa así se che desen o mundo?

EMILIA

O mundo é moito mundo; é recompensa moi grande para
pecado tan pequeno.

DESDÉMONA

De verdade, creo que non o fariás.

EMILIA

De verdade, creo que o faría. E desfariáo unha vez feito.
Recoiro, por suposto que non o faría por unha sortella, nin por
unhas varas de pano fino, nin por vestidos, saias ou sombrei-
ros, nin por ningún agasallo mesquiño. Pero, ¡polo mundo
enteiro! ¡Recoiro!, ¿quen non lle poría os cornos ao marido por
facelo rei? Eu arriscaríame a ir ao purgatorio.

DESDÉMONA

¡Maldita sexa eu se cometo tal pecado a cambio do
mundo enteiro!

EMILIA

Pois o pecado sería un pecado no mundo e se vos dan o
mundo polo voso esforzo, o pecado estaría no voso mundo e
poderíadelo endereitar decontado.

DESDÉMONA

Non creo que haxa mulleres así.

EMILIA

Hainas, a ducias. Hainas dabondo para encher o mundo
polo que apostaron.

Máis creo que se pecan as mulleres
dos maridos é a culpa: ou non cumpren
ou verten o noso tesouro en ventre alleo,
ou son presa de celos ruíns
e péchannos; ou bátennos,
ou por despeito reducen o noso estipendio.
Nós temos a nosa bile; perdoamos,
mais tamén nos vingamos. Saiban os homes

que as mulleres senten coma eles. Teñen ollos,
 olfacto e padal para o doce e o acedo.
 ¿Por que nos cambian por outra?
 ¿Por pracer? Creo que si. ¿Hai paixón?
 Creo que si. ¿Pecan por debilidade?
 Tamén. ¿E non temos paixóns,
 desexos e debilidades coma os homes?
 Pois que nos traten ben ou que teñan presente
 que o mal que facemos é o mal que nos aprenden.

DESDÉMONA

Boas noites, boas noites. Que Deus me axude,
 a non imitar o mal e a gañar en virtude.

Saen.

ACTO V

ESCENA 1

Entran Iago e Rodrigo.

IAGO

Apóstate aquí, detrás deste saínte. Agora mesmo vén.
 Desenvaiña o estoque e espétallo ben.
 De présa. Non temas. Eu estarei á túa beira.
 É o éxito ou a nosa ruína; lémbrao
 e mantén a túa resolución.

RODRIGO

Queda cerca, podo fallar.

IAGO

A carón de ti. Ánimo e ao teu posto.

Retírase.

RODRIGO

Non me entusiasma o plan,
 mais deume razóns convincentes.
 Só é un home menos. ¡Fóra, espada! ¡Morrerá!

IAGO

Á parte.

Escaravellei neste babilolo ata o óso
 e está que morde. Mate a Casio,
 Casio a el ou se maten ambos os dous,
 de calquera xeito gaño eu. Se Rodrigo sobrevive,
 esixirá a total restitución
 do ouro e das xoias que lle ripei

como agasallo para Desdémona.
De ningunha maneira. Se queda Casio,
a beleza cotiá da súa vida
afea a miña. Amais, o Mouro podería
desenmascaramme. Sería moi perigoso.
Non, ten que morrer. Ei, velaí vén.

Entra Casio.

RODRIGO

Recoñezo o seu andar. É el. ¡Morre, infame!

CASIO

A estocada sería mortal
se a miña cota non fose mellor do que pensabas.
Probemos a túa.

Fere a Rodrigo.

RODRIGO

¡Aí, morro!

Iago fere a Casio nunha perna e sae.

CASIO

¡Aí, quedo eivado para sempre! ¡Socorro!
¡Asasinos, asasinos!

Entra Otelo.

OTELO

A voz de Casio. Iago cumpriu a súa palabra.

RODRIGO

¡Ah, son un canalla!

OTELO

Moi certo.

CASIO

¡Axuda! ¡Axuda! ¡Luz! ¡Un médico!

OTELO

É el. ¡Valente Iago, honrado e xusto,
de nobres sentimentos polo amigo aldraxado!
Seguirei o teu exemplo. Pombiña, o teu amante xace

morto

e a túa sorte fatal achégase. ¡Vou por ti, rameira!
Do meu corazón borrei eses ollos feitiçeiros.
Sangue lascivo tinxirá o teu lascivo leite.

Sae.

Entran Ludovico e Graciano.

CASIO

¡Ei! ¿Non hai gardas? ¿Non hai ninguén? ¡Axuda, axuda!

GRACIANO

Algunha desgraza. Os berros son terribles.

CASIO

¡Socorro!

LUDOVICO

Escoitade.

RODRIGO

¡Ah, canalla!

LUDOVICO

Láianse dous ou tres, é noite negra.
Quizais están finxindo. Parece perigoso
achegármonos a eles sen máis axuda.

RODRIGO

¿Non vén ninguén? Morro desangrado.

LUDOVICO

Escoitade.

Entra Iago cun farol.

GRACIANO

Velaí vén alguén en camisa, con luz e armas.

IAGO

¿Quen anda aí? ¿Que berros son eses de asasino?

LUDOVICO

Non o sabemos.

IAGO

¿Non ouvistes un berro?

CASIO

¡Aquí, aquí! ¡Por Deus, axudádeme!

IAGO

¿Que ocorre?

GRACIANO

Creo que é o alférez de Otelo.

LUDOVICO

O mesmo. Un tipo valente.

IAGO

¿Quen sodes, quen se laia?

CASIO

¿Iago? Estou ferido, eivado por un canalla.
Axúdame.

IAGO

¡Ah, tenente! ¿Quen foron eses canallas?

CASIO

Creo que un que está por aí
e non puido fuxir.

IAGO

¡Infames traidores!—
¿Vosoutros quen sodes? Vide botarme unha man.

RODRIGO

Aquí, socorrédeme.

CASIO

Ese é un deles.

IAGO

¡Vil asasino! ¡Canalla!

Acoitela a Rodrigo.

RODRIGO

¡Maldito Iago! ¡Can doente!

IAGO

¿Matar na escuridade?— ¿Onde están eses ladróns
sanguinarios?

¿Que silencio na cidade!— ¡Ei, asasinos, asasinos!
¿Quen sodes? ¿Xentes de ben ou de mal?

LUDOVICO

Xúlganos ti mesmo.

IAGO

¿O *signor* Ludovico?

LUDOVICO

Si, son eu.

IAGO

Perdoádeme. Aquí está Casio, ferido por uns canallas.

GRACIANO

¿Casio?

IAGO

¿Como estades, irmán?

CASIO

Teño a perna rota.

IAGO

¡Ca, non o queira Deus!
Luz, cabaleiros. Vendareilla coa miña camisa.

Entra Bianca.

BIANCA

¿Que pasa? ¿Quen berraba?

IAGO

¿Que quen berraba?

BIANCA

¡Ah, meu querido Casio, meu Casio!
¡Casio, Casio, Casio!

IAGO

¡Vaia coa pécora esta!— Casio, ¿tedes algunha sospeita
de quen vos feriu?

CASIO

Non.

GRACIANO

Magóame moito vevos así. Ía na vosa busca.

IAGO

Dádeme unha liga. Así. Traede unha cadeira
para levalo con máis facilidade.

BIANCA

¡Ai, esváese! ¡Casio, Casio, Casio!

IAGO

Señores, sospeito que esta paxara
é cómplice da agresión.—
Paciencia, bo Casio.— Veña, veña, luz.
¿Coñecemos esta cara ou non?
¡Ai, o meu paisano Rodrigo! Non.
Si, seguro. Si, é Rodrigo.

GRACIANO

¡Que! ¿O de Venecia?

IAGO

O mesmo, señor. ¿Coñeciádelo?

GRACIANO

¿Que se o coñecía? Si.

IAGO

¿*Signor* Graciano? Pídivos desculpas.
Este episodio violento debe
escusar a miña negligencia.

GRACIANO

Alégrome de verte.

IAGO

¿Como estades, Casio?— ¡Unha cadeira, unha cadeira!

GRACIANO

¿É Rodrigo?

IAGO

Si, el. É el.

Traen unha cadeira.

¡Ah, moi ben, a cadeira!

Levádeo con coidado.

Eu vou buscar o cirurxián do xeneral.—

Ti, muller, quita do medio.— Quen xace aquí acoitelado,
Casio, era un bo amigo meu. ¿Que inimizade
había entre vós?

CASIO

Ningunha. Nin sequera coñezo a ese home.

IAGO

A Bianca.

¡Vaia, estás pálida!— Levádeo dentro.

Levan a Casio. Retiran o corpo de Rodrigo.

Ficade, señores.— ¿Estás pálida, muller?—
¿Non vedes o medo nos seus ollos?

A Bianca.

Esa ollada anuncia unha confesión.—
Observádea ben; por favor, mirádea.
¿Vedes, señores? A culpabilidade fala,
aínda que a lingua cale.

Entra Emilia.

EMILIA

¿Que pasa? ¿Que pasa?

IAGO

Rodrigo e outros tipos que fuxiron
atacaron a Casio na escuridade.
Está malferido e Rodrigo morto.

EMILIA

¡Ai, pobre cabaleiro! ¡Ai, pobre Casio!

IAGO

Velaí o froito da libertinaxe. Emilia,
pregúntalle a Casio onde ceou esta noite.

A Bianca.

¿Seica tremes?

BIANCA

Ceou na miña casa; e iso non me fai tremer.

IAGO

¡Vaites, vaites! Ordénoche que me acompañes.

EMILIA

¡Maldita rameira!

BIANCA

Non son unha rameira; de vida tan decente
coma ti que me aldraxas.

EMILIA

¿Coma min? ¡Puf! ¡Maldita sexas!

IAGO

Cabaleiros, interesémonos pola curación do pobre Casio.—
Veña, pécora, terás que contarnos outro conto.—
Emilia, avanta á cidadela
e informa aos señores do ocorrido.—
Despois de vós.

Á parte.

Esta noite é o meu ascenso
ou o total afundimento.

Saen.

ESCENA 2

Entra Otelo cunha lámpada. Desdémona está deitada.

OTELO

Esta é a causa, é a causa, alma miña.
Que eu non a pronuncie, castas estrelas.
É a causa. Non hei verter o seu sangue
nin esgazar esa pel máis branca cá neve,
máis lisa ca o alabastro dos sepulcros.
Pero ten que morrer ou traizoará moitos homes.
Apagar esta chama e logo apagar a súa chama.
Se te extingo, flamíxera colaboradora,
podería devolverte a luz anterior
se me arrepentise. Mais apagada a túa chama,
ti, a máis exquisita obra da sabia natureza,
non sei onde atopar o lume prometeico
que reviva a túa chama. Se arrinco a túa rosa
non podoo devolverlle a louzanía. Por forza
ha murcharse. Terei que ulila na roseira.

Dálle un bico.

¡Oh, embriagador arrecendo que case convence á xustiza
para que rompa a súa espada! ¡Outro, outro!
Sigue así cando esteas morta e matareite
e amareite sempre. Outro, o derradeiro.
Nunca nada tan doce foi tan letal. Choro,
mais son bágoas crueis. Esta dor é divina:
fere ao que ama. Está espertando.

DESDÉMONA

¿Quen é? ¿Otelo?

OTELO

Si, Desdémona.

DESDÉMONA

¿Non te deitas, meu señor?

OTELO

¿Rezaches esta noite, Desdémona?

DESDÉMONA

Recei.

OTELO

Se lembras algún pecado
aínda non perdoado pola graza do ceo,
roga o seu perdón agora.

DESDÉMONA

¡Ai, meu señor! ¿Que queres dicir con iso?

OTELO

Ti faino, se breve. Eu retirome.
Non quero matarte se non estás preparada
nin, Deus me libre, matar a túa alma.

DESDÉMONA

¿Falas de matar?

OTELO

Falo.

DESDÉMONA

Entón, que o ceo teña piedade de min.

OTELO

Amén, de corazón.

DESDÉMONA

Se dis iso, supoño que non me matarás.

OTELO

¡Hum!

DESDÉMONA

E non obstante, asústasme, pois es arrepiante cando regalas os ollos. Non sei por que teño medo, pois non me sinto culpable. Pero sinto medo.

OTELO

Pensa nos teus pecados.

DESDÉMONA

Son amores que che dou.

OTELO

Si, e por eles morres.

DESDÉMONA

¡Morte cruel a que por amar mata!
Ai, ¿por que mordes o labio?
Algunha paixón violenta axita o teu corpo.
Son agoiros. Mais espero, espero,
que non vaian contra min.

OTELO

Cala e acouga.

DESDÉMONA

Moi ben. ¿Que ocorre?

OTELO

Aquel pano que tanto prezaba e che régalei ti déchesllo a Casio.

DESDÉMONA

Non, ¡pola miña vida e a miña alma!
Mándao vir e pregúntalle.

OTELO

Coidado, doce alma miña, coidado co perxurio. Estás no teu leito de morte.

DESDÉMONA

Si, mais aínda non para morrer.

OTELO

Si, agora mesmo. Polo tanto, confesa abertamente o teu pecado, pois negar cada acusación con xuramentos non pode disipar nin afogar a forte convicción que me mortifica. Vas morrer.

DESDÉMONA

¡Que Deus teña piedade de min!

OTELO

Amén, digo eu.

DESDÉMONA

Pois ten piedade ti tamén. Xamais na miña vida te enganei; xamais ameí a Casio, agás co afecto natural que o ceo consente. Xamais lle dei un agasallo.

OTELO

¡Polo ceo que vin o meu pano na súa man!
¡Ah, perxura! Vólvesme o corazón de pedra e o que me propoño facer convertes en asasinato cando eu o consideraba sacrificio.
Vin o pano.

DESDÉMONA

Atopouno, entón. Eu non llo dei.
Faino vir e que confese a verdade.

OTELO

Xa confesou.

DESDÉMONA

¿Que confesou, meu señor?

OTELO

Que fuches súa.

DESDÉMONA

¿Como? ¿Carnalmente?

OTELO

Si.

DESDÉMONA

Non pode dicir tal cousa.

OTELO

Non, a súa boca está pechada.
O leal Iago encargouse diso.

DESDÉMONA

Temo o peor. ¿Está morto?

OTELO

Aínda que tivese tantas vidas como cabelos
con todas podería a miña sede de vinganza.

DESDÉMONA

¡Ai, traizoárono e estou perdida!

OTELO

¡Cala, rameira! ¿Choras por el na miña cara?

DESDÉMONA

Destérrame, señor, mais non me mates.

OTELO

¡Abaixo, rameira!

DESDÉMONA

Mátame mañá. Déixame vivir esta noite.

OTELO

Non. Se te resistes...

DESDÉMONA

¡Media hora máis!

OTELO

Xa comezado, non hai dilación.

DESDÉMONA

O tempo de rezar unha oración.

OTELO

Demasiado tarde.

Afóga.

DESDÉMONA

¡Meu Deus, meu Deus!

EMILIA

Dentro.

¡Señor, señor! ¡Ei, señor, señor!

OTELO

¿Que ruído é ese?— ¿Non estás morta? ¿Vives?
Aínda que cruel, son compasivo.
Non quero prolongar o teu sufrimento.
Así, así.

EMILIA

Dentro.

¡Ei, señor!

OTELO

¿Quen é?

EMILIA

Dentro.

¡Meu señor! ¡Debo falar con vós!

OTELO

Si, é Emilia.— Agora mesmo. —Está morta.—
Quizais vén comunicarme a morte de Casio.
Houbo moito barullo. ¡Ah! ¿Xa non se move?
Calada coma unha tumba. ¿Déixoa entrar? ¿Fago ben?
Parece que se move. Non. ¿Que será mellor?
Se entra, quererá falar coa miña esposa.
¡Miña esposa, miña esposa! ¿Que esposa? Non teño
esposa.

¡Que idea insoportable! ¡Que desgraza!
Debería haber unha grande eclipse
de sol e lúa e o aterrorizado globo
debería fender coa alteración.

EMILIA

¡Prégovos que me deixedes falarvos!
¡Meu señor!

OTELO

Esquecérate. Entra, Emilia.

Agarda un momento.— Correrei as cortinas.—
¿Onde estás? (*Abre a porta.*) ¿Que ocorre?

Entra Emilia.

EMILIA

¡Ah, meu señor! ¡Cometeuse un infame asasinato!

OTELO

¿Como? ¿Aquí?

EMILIA

Agora mesmo, señor.

OTELO

É o extravío da lúa:
aproxímase á terra máis que de costume
e volve tolos aos homes.

EMILIA

Casio, señor, matou un veneciano
chamado Rodrigo.

OTELO

¿Rodrigo morto? ¿E Casio tamén?

EMILIA

Non, Casio non morreu.

OTELO

¿Que Casio non morreu? Entón o crime
desentoa e a doce vinganza discorda.

DESDÉMONA

¡Inxustamente asasinada!

EMILIA

¡Ai, Deus! ¿Que berro é ese?

OTELO

¿Ese? ¿Cal?

EMILIA

¡Ai, Deus! Era a voz da miña señora.

Descorre a cortina.

¡Ah, socorro, socorro! ¡Ah, falade, señora!
Querida Desdémona. Querida señora, falade.

DESDÉMONA

Morro inocente.

EMILIA

¡Ai! ¿Quen fixo isto?

DESDÉMONA

Ninguén. Eu mesma. Adeus.
Encoméndame ao meu amado esposo. Ai, adeus.

Morre.

OTELO

¿Quen ía asasinala?

EMILIA

Ai, ¡quen sabe!

OTELO

Escoitácheslle dicir que non fun eu.

EMILIA

Iso dixó. Eu debo contar a verdade.

OTELO

Por embusteira está no ardente inferno.
Fun eu quen a matou.

EMILIA

¡Ai, ela máis anxo
e vós máis negro demo!

OTELO

Deuse á luxuria e era unha rameira.

EMILIA

Ti calumniáchela e es un demo.

OTELO

Era falsa coma a auga.

EMILIA

E ti cruel coma o lume por dicir
que era falsa. ¡Oh, era fiel coma o ceo!

OTELO

Casio montábaa. Pregúntalle, se non, ao teu home.
Que me condene nas profundidades do inferno

se cheguei a tal extremo sen un motivo xusto.
O teu home sábeo todo.

EMILIA

¿O meu home?

OTELO

O teu home.

EMILIA

¿Que che era infiel?

OTELO

Si, con Casio. Se fose fiel,
aínda que o ceo me ofrecese un mundo
feito de puro e perfecto zafiro
non o trocaría por ela.

EMILIA

¿O meu home?

OTELO

Si, foi el quen primeiro mo dixo.
É un home honrado que detesta o lodo
que se adhire ás accións inmundas.

EMILIA

¿O meu home?

OTELO

¿Que necesidade hai de tanta repetición, muller?
O teu home, si.

EMILIA

¡Ai, señora! A infamia mófase do amor.
¿O meu home dixo que ela era infiel?

OTELO

El mesmo, muller, o teu home. ¿Non entendes?
O meu amigo, o teu home, o leal e honrado Iago.

EMILIA

Se o dixo, ¡que a súa pérfida alma podreza
medio gran cada día! Mente abertamente.
Estaba namorada da súa noxenta adquisición.

OTELO

¿Que?

EMILIA

Remata a faena. A túa acción
non é máis digna do ceo
ca ti dela.

OTELO

Cala, máis te vale.

EMILIA

Non hai dano que poidas facer
que eu non poida soportar. ¡Idiota! ¡Parvo!
¡Porco ignorante! O que fixeches...
Non me dá medo a túa espada. Denunciareite
aínda que perda vinte vidas. ¡Socorro! ¡Axuda! ¡Socorro!
¡O Mouro matou á miña señora! ¡Asasino! ¡Asasino!

Entran Montano, Graciano, Iago e outros.

MONTANO

¿Que ocorre? ¿Que hai, xeneral?

EMILIA

Ah, ¿estás aquí, Iago? Fixéchelo tan ben
que vas cargar coas culpas de todos os crimes.

GRACIANO

¿Que ocorre?

EMILIA

Desmente a este infame, se es home:
Di que lle dixeches que a súa esposa lle era infiel.
Sei que non o fixeches, ti non es tan ruín.
Fala, que me estoupa o corazón.

IAGO

Díxenlle o que pensaba, nada máis
que o que el mesmo viu crible e certo.

EMILIA

¿Pero dixécheslle algunha vez que lle era infiel?

IAGO

Dixen.

EMILIA

¡Dixécheslle unha mentira, unha odiosa e maldita mentira!
 ¡Pola miña vida, unha mentira! ¡Unha infame mentira!
 ¡Infiel con Casio? ¡Dixécheslle con Casio?

IAGO

Con Casio, muller. Vai de aí, cala a boca.

EMILIA

Non penso calar a boca. Debo falar.
 A miña señora xace morta no seu leito.

TODOS

¡Non o queira Deus!

EMILIA

E as túas acusacións instigaron o crime.

OTELO

Non vos abraiedes, señores. É a verdade.

GRACIANO

¡É increíble!

MONTANO

¡Que atrocidade!

EMILIA

¡Que infamia, que infamia, que infamia!
 Xa me lembro. Sospeiteino. ¡Que infamia!
 Penseino daquela. Vou morrer de pena.
 ¡Que infamia, que infamia!

IAGO

¿Estás tola? Vai á casa, ordénocho.

EMILIA

Nobres señores, permitide que fale.
 É a miña obriga obedecelo, mais agora non.
 Quizais, Iago, non volva nunca á casa.

OTELO

¡Oh, oh!

Cae sobre o leito.

EMILIA

Si, debrúzate e xeme,
 pois deches morte á máis doce inocente
 que alzou xamais os ollos.

OTELO

Erguéndose.

¡Ah, era deshonestal!

A Graciano.

Non vos recoñecera, tío. Aquí xace a vosa sobriña,
 coas miñas mans afoguei o seu alento.
 Sei que esta acción parece espantosa e horrible.

GRACIANO

¡Pobre Desdémona! Alégrome de que teu pai estea morto.
 O teu casamento foi un golpe mortal e a dor
 cortoulle o vello fio da vida. Se vivise agora,
 este espectáculo levaríao á desesperación,
 si, renegaría do seu anxo bo
 e condenaríase.

OTELO

É moi lamentable. Mais Iago sabe
 que mil veces con Casio cometeu
 o acto vergonzoso. Casio confesouno,
 ela recompensou a súa entrega amorosa
 co primeiro testemuño e agasallo de amor
 que eu lle dera. Vinllo na man.
 Era un pano, un antigo regalo
 que meu pai lle deu a miña nai.

EMILIA

¡Ai, Deus! ¡Santo ceo!

IAGO

¡Cala, rediola!

EMILIA

¡Vou contalo todo, vou contalo! ¿Que cale?
 Non. Falarei libre como o vento norte.

¡Que Deus, homes e diaños, que todos,
todos, boten pestes contra min, pero eu falarei!

IAGO

Ten xuízo e vai á casa.

EMILIA

Non vou.

Iago desenvaiña e ameaza a Emilia.

GRACIANO

¡Que vergonza! ¡A túa espada contra unha muller?

EMILIA

¡Ah, mouro idiota! Ese pano do que falas
atopeino eu por casualidade e deillo ao meu home
quen, a miúdo e cunha seriedade
desproporcionada para tal bagatela,
me pedira que o roubase.

OTELO

¡Infame rameira!

EMILIA

¡Darlo a Casio! ¡Non! Atopeino eu
e deillo a Iago.

IAGO

¡Mentes, merdenta!

EMILIA

¡Por Deus que non minto! Non minto señores.—
¡Estúpido asasino! ¡Que facía un parvo
coma ti cunha muller tan boa?

OTELO

¡Os raios do ceo serven só
para as tormentas? ¡Astuto malvado!

Ataca a Iago. Montano desármalo.

Iago acoitela a Emilia por detrás e sae.

GRACIANO

Esta muller cáese. Seguro que matou á súa muller.

EMILIA

Si, si. Poñédeme a carón da miña señora.

GRACIANO

Fuxiu, pero a súa muller está ferida de morte.

MONTANO

¡É un infame malvado! Collede
a arma que lle quitei ao Mouro.
Gardade a porta por fóra. Que non saia;
matádeo se é preciso. Vou tras ese malvado,
ese maldito canalla.

Saen Montano e Graciano.

OTELO

Xa nin valente son.
Calquera esfolagatos me quita a espada.
Mais, ¿por que había sobrevivir o prestixio
á honra? ¡Que se perda todo!

EMILIA

¿Que agoiraba a túa canción, señora?
Escoita, ¿óesme? Farei coma o cisne
e morrerei cantando.

Canta.

¡Chora, salgueiro, chora!

Era casta, Mouro. Amábate, mouro cruel.
Que a miña alma vaia ao ceo, pois digo a verdade;
E dicindo o que penso, morro, morro.

Morre.

OTELO

Teño outra arma nesta cámara.
Unha espada española, temperada no xeo do arroio.
Velaquí está.— Tío, vou saír.

GRACIANO

Dentro.

Se o intentas, pagaralo caro.
Estás desarmado e por forza terás que renderte.

OTELO

Pois entrade vós e falade comigo
ou, desarmado como estou, atácovos.

Entra Graciano.

GRACIANO

¿Que queres?

OTELO

Mirade, teño unha espada.
Nunca outra mellor cinguíu
perna de soldado. Noutro tempo,
con este brazo e esta espada
abríame camiño entre obstáculos vinte
veces superiores á vosa oposición.
¡Inútil bravata!
¿Quen pode gobernar o seu destino? Non é posible xa.
Non temades aínda que me vexades armado.
Este é o final da miña viaxe, obxectivo
e facho da miña derradeira singradura.
¿Recuades con espanto? Medo infundado.
Apuntádelle ao peito de Otelo cun xunco
e renderase. ¿Onde irá Otelo?
(*A Desdémona*) ¿Que aspecto tes agora? ¡Ah, malfadada
doncela,
branca coma as sabas! Cando nos atopemos
no Xuízo Final a túa ollada expulsará a miña alma do ceo
e atraparana os demos. Fría, miña nena,
fría coma a túa castidade.
¡Ah, maldito, maldito! ¡Azoutádeme, diaños,
e librádeme desta visión celestial!
¡Zarandéademe no vento! ¡Queimádeme en xofre!
¡Mergulládeme nas simas de lava fervendo!
¡Oh Desdémona! ¡Desdémona, morta, morta! ¡Ah, ah!

*Entran Ludovico, Montano, Iago custodiado
por gardas e Casio nunha cadeira.*

LUDOVICO

¿Onde está ese violento e desventurado home?

OTELO

Velaquí o que foi de Otelo.

LUDOVICO

¿E onde está esa víbora? Traede a ese malvado.

OTELO

Mírolle os pés, pero é unha fábula.
Se es o demo, non podoo matarte.

Fere a Iago.

LUDOVICO

Quitádelle a espada.

IAGO

Sangro, señor, mais non morto.

OTELO

Non o lamento. Prefiro que vivas
pois, no meu sentir, é unha beizón morrer.

LUDOVICO

¡Oh, Otelo, antes tan nobre,
pillado na rede dun infame malvado!
¿Que diremos de ti?

OTELO

Calquera cousa. Un asasino
pola súa honra, se queredes.
Pois nada fixen por odio, todo por honor.

LUDOVICO

Este canalla confesou en parte a súa vilanía.
¿Concertastes entre os dous a morte de Casio?

OTELO

Si.

CASIO

Querido xeneral, nunca vos dei motivo.

OTELO

Créoo e pídivos perdón.

¿Queredes preguntarlle a este semidiaño
por que me enleou alma e corpo?

IAGO

Non me preguntedes. Sabedes o que sabedes.
Desde agora non direi palabra.

LUDOVICO

¿Nin sequera para rezar?

GRACIANO

A tortura abrirá a túa boca.

OTELO

Fas moi ben.

LUDOVICO

Señor, debes coñecer o ocorrido,
que creo que non sabedes. Esta carta
atopouse no peto do asasinado Rodrigo;
e aquí hai outra. Unha delas fala
da morte de Casio, da que se encarga
Rodrigo.

OTELO

¡Canalla!

CASIO

¡Que bárbaro e cruel!

LUDOVICO

A outra é unha carta recriminatoria
atopada tamén non seu peto. Parece
que Rodrigo pensaba enviarlla a este maldito canalla
pero, polo visto, Iago chegou antes
e convenceuno.

OTELO

¡Ti, pérfido miserable!— ¿Como chegou
ás vosas mans, Casio, aquel pano da miña muller?

CASIO

Atopeino no meu cuarto.
El mesmo confesou hai un pouco

que o deixou alí cunha finalidade especial
que produciu o efecto desexado.

OTELO

¡Ah, parvo, parvo, parvo!

CASIO

Amáis Rodrigo, na súa carta,
acusa a Iago de instigalo a provocarme
na garda, o que causou a miña destitución.
E hai un momento declarou,
cando xa o tiñamos por morto, que fora
Iago quen o incitara a ferirme.

LUDOVICO

Debes deixar este cuarto e vir con nós.
Prívasevos de poder e mando
e Casio goberna en Chipre. A este canalla,
se hai algunha crueldade refinada
que o atormente manténdoo vivo moito tempo,
aplicaráselle. Vós quedades detido
ata que a República de Venecia coñeza
a natureza do voso delito.— Veña, levádeo.

OTELO

Agardade. Unha ou dúas palabras antes de partirdes.
Servín ao estado, é ben sabido.
Disto, máis nada. Prégovos que nas vosas cartas,
cando relatedes estes desventurados feitos,
faledes de min tal como son. Nada atenuedes
nin nada apoñades á maldade. Falade
de quen amou con insensatez e desmesura;
de quen, pouco dado aos celos, mais aguilloado,
ofuscouse ata o exceso; de quen, coa súa propia man,
coma un indio necio guindou unha perla
máis valiosa que toda a súa tribo; de quen
con aflixidos ollos, nada afeitos a chorar,
verte máis bágoas que mirra as árbores
de Arabia. Disto deixade constancia,

e tamén de que en Alepo, unha vez,
cando un infame turco con turbante
bateu a un veneciano e ofendeu á República,
eu collín polo pescozo a ese can circunciso
e ferino... así.

Férese de morte.

LUDOVICO

¡Tráxico final!

GRACIANO

¡Non hai palabras!

OTELO

Biqueite antes de matarte. Non hai xeito,
salvo matándome, de morrer cun beixo.

Morre.

CASIO

Temíao, pero pensei que non tiña arma,
pois posuía un gran corazón.

LUDOVICO

A Iago.

¡Ah, can espartano!
Máis terrible cá angustia, a fame e o mar.
Olla a tráxica carga deste leito.
É obra túa. O espectáculo fere a vista,
cubrídeo.— Graciano, gardade a casa
e dispoñede dos bens do Mouro,
pois herdádelos.— A vós, gobernador,
compete o castigo deste malvado diabólico:
hora, lugar e suplicio. Impoñédeo.
Eu embarco de inmediato e en Venecia
contristado contarei esta traxedia.

Saen.